



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de marzo de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día quince de marzo de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(149).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(150).- TRANSFERENCIA Á ENTIDADE LOCAL MENOR BEMBRIVE CORRESPONDENTE AO ANO 2024. EXPTE. 19997/101.

Visto o informe xurídico do 29/02/2024 e o informe de fiscalización do 06/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 16/02/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes

O Concello de Vigo e a Entidade Local menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 un convenio de colaboración polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

O convenio de colaboración que tiña unha vixencia de quince anos, expirou definitivamente o día 31 de decembro de 2021.

O artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que a facenda das entidades locais menores estará constituída, entre outros, polos seguintes recursos: A participación nos impostos do Concello a que se refire a lexislación sobre facendas locais na contía que se estableza no Decreto de Creación. Esta participación non será, en ningún caso, inferior ao 25 por 100 dos que se devenguen no ámbito territorial da Entidade.

Non hai constancia da existencia dun Decreto de Creación da Entidade Local Menor de Bembrive. Non obstante, consta a Acta de creación da Xunta Administrativa da Entidade Local Menor de Bembrive, asinada o 12 de xuño de 1945, e que se achega ao expediente. Faise constar que o antedito documento non recolle ningunha porcentaxe de participación nos impostos municipais aos que se refire a lexislación.

II.- Lexislación aplicable.

- Lei 5/1997 de 2 de xullo de Administración local de Galicia, artigos 163, 164.1.f) e 164.2

- Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido de Facendas Locais artigo 156 (Recursos das entidades de ámbito territorial inferior ao municipio).

III.- Informe

Con data 19 de xaneiro de 2024, a Entidade Local Menor de Bembrive solicitou o pagamento por transferencia da anualidade 2024, de conformidade co consignado no vixente orzamento municipal aprobado polo Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria do día 27 de decembro de 2023 por importe de 309.000,00 €.

Constan anexados ao expediente nº 1997-101 no trámite nº 3 os seguintes documentos: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive ACTA DA SESIÓN NÚM. 6/2023 DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA VECIÑAL DA ELM DE BEMBRIVE 2023-2027, DO DÍA 14 DE XULLO DE 2023; credenciais da Alcadesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcadesa pedánea.

O vixente orzamento municipal dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 309.000 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Polo exposto, en cumprimento do establecido no artigo 164.1.f) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e coa finalidade de a Entidade Local Menor de Bembrive poida atender ao esixido no artigo 163 da citada Lei 5/1997 de 22 de xullo, con data 30 de xaneiro de 2024 a xefa do departamento administrativo da Alcaldía solicitou á Dirección de Ingresos, informe sobre os importes percibidos no exercicio 2023 correspondentes á Entidade Local menor de Bembrive.

Con data 8 de febreiro de 2024 a Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada achega o informe solicitado pola Xefa do Departamento Administrativo da Alcaldía (tramite nº 6 do expediente), sobre os importes percibidos no exercicio 2023, e que serviron de base para a partida orzamentaria 9420 4680000 transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive do vixente orzamento de 2024. Sendo o importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a cantidade de O importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia ascende, en consecuencia, a **308.942,63 € €**.

IV.- Fundamentos técnicos.

Primeiro.- Solicitud da Entidade Local Menor de Bembrive de pagamento por transferencia da anualidade correspondente ao ano 2024, anexado ao expediente 1997-101 no trámite nº 3.

Segundo.- Finalización o día 31 de decembro de 2021 do convenio de colaboración que cunha vixencia de quince anos, o Concello de Vigo e a Entidade Local Menor de Bembrive asinaron con data 18 de maio de 2007 polo que, en aplicación do previsto nos preceptos 164.1.f) e 164.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Concello de Vigo comprometéase a incluír nos orzamentos municipais unha dotación por importe de 236.000,00 euros ao ano que tería que ser actualizada anualmente segundo a variación do IPC. Así mesmo, o convenio recollía na cláusula segunda as obrigas da Entidade Local Menor.

Terceiro.- Vixente orzamento municipal que dispón no programa 9420 (transferencias a Entidades Locais Territoriais) á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias a entidade local menor de Bembrive) dunha dotación de 309.000,00euros.

Cuarto.- Documentación achegada pola Entidade Local Menor de Bembrive: Acta da sesión de constitución da Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Bembrive Acta da sesión núm. 6/2023 de constitución da Xunta Veciñal da ELM de Bembrive 2023-2027, do día 14 de xullo de 2023; credenciais da Alcaldesa Pedánea; o CIF da entidade e o DNI da Alcaldesa pedánea.

Quinto.- Informe da Directora de ingresos e Xestión Catastral Delegada de data 8 de febreiro de 2024 anexado no trámite nº 6 do expediente) sobre os importes

percibidos no exercicio 2023 e que serviron de base para a partida orzamentaria 9420 4680000 transferencias á Entidade Local Menor de Bembrive do vixente orzamento de 2024. Sendo o importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia a cantidade de O importe do 25% a que se refire o artigo 164.1.f) da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia ascende, en consecuencia, a 308.942,63 €.

Sexto.- O importe da transferencia que ascende a 308.942,63 € deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive).

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

“Autorizar unha transferencia por importe de **308.942,63 €** á favor da ENTIDADE LOCAL MENOR DE BEMBRIVE en concepto de pagamento da anualidade 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 9420 4680000 (transferencias á Entidade Menor de Bembrive)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(151).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA O CUMPRIMENTO DA SENTENZA DO TSXG- 113/2023 A FAVOR DA ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE EMPRESARIOS AUTÓNOMOS DEL MERCADO DEL PROGRESO, EXPTE. 10052/106.

Visto o informe xurídico do 28/12/2023 e o informe de fiscalización do 06/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 28/12/2023, asinado polo enxeñeiro industrial adscrito ao Servizo de Comercio (Resolución 22/09/2022) e conformado pola concelleira-delegada de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

1.- Segundo consta no expediente 15174/111, o TSX Galicia, sala do contencioso administrativo, sección nº 3 ditou sentenza xudicial, Nº 113/2023 do 28 de marzo de 2023, que obriga ao pago por parte do Concello de Vigo á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso de Vigo, da contía de 330.042,83 euros.

2.- Con data 2/11/2023 o concelleiro delegado da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda resolveron autorizar unha modificación presupostaria de crédito, crédito extraordinario, por im-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

porte 330.042,83 euros con cargo á partida 4312 6320001 e empregando como financiamento os remanentes de tesourería, para facer fronte á débeda coa Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso de Vigo e dar así cumprimento á sentenza xudicial, Nº 113/2023 do 28 de marzo de 2023.

COMPETENCIA: a competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, segundo o artigo 127 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Polo anteriormente exposto elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Autorizar e comprometer o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe de **330.042,83 euros**, a fin de dar cumprimento á sentenza xudicial, Nº 113/2023, ditada polo TSX Galicia, sala do contencioso administrativo, sección nº 3, que obriga ao pago á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos del Mercado del Progreso de Vigo, da contía de 330.042,83 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(152).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO. EXPTE. 12531/224.

Visto o informe de fiscalización de data 12/03/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 7/03/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13 de decembro de 2023.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 63.957,52 € que inclúe un IVE (21%) de 11.100,06 €, para a contratación da “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 29.071,60 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, 31.978,76 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2025, e 2.907,16 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2026.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 1 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	99,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

1. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscripción dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
2. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 2 de febreiro de 2024, que presenta parte da documentación requirida o 13 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido, e, outra parte, o 6 de marzo de 2024, fora do prazo. Con respecto a esta última documentación, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Así, a documentación presentada polo licitador consta de:

- A escritura de constitución da licitadora que contén o nomeamento do apoderado o seu DNI e os estatutos sociais.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (22.385,13 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (22.385,13 €), presentan certificado de boa execución do Concello de Vigo nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Xustificante de ingreso por un importe de 2.642,87 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 7 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de 29 de xaneiro de 2024 e co acordo da Mesa de Contratación de data 1 de febreiro de 2024 polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (12531-224) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 63.957,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.100,06 euros.*
- b) *O persoal a adscribir ao contrato (con categoría de técnica de Biblioteca) conta con 24,6 meses de experiencia (a maiores de 6 meses).*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(153).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) POLA DINAMIZACIÓN DO PROGRAMA DE ACTIVIDADE DO ANO 2024. EXPTE. 23541/333.

Visto o informe xurídico do 26/02/2024 e o informe de fiscalización do 06/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 20/02/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Fundación Vigo en Deporte (en adiante VIDE) é unha organización de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei de Galicia 7/1983, de 22 de xuño, de Réxime das Fundacións de Interese Galego, da Lei de Galicia 11/1991, de 8 de novembro, de reforma da anterior, do Decreto 248/1992, de 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego, e da Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral.

Na documentación achegada pola Fundación Vide consta a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2024, que ascende a un total de 175.000,00€ tal como se detalla:

- Gastos:

Axudas e outros	75.550,00 €
Persoal	32.000,00 €
Gastos de explotación	67.450,00 €
Total	175.000,00€

- Ingresos:

Transferencia Concello de Vigo	125.00,00 €
Achegas privadas	30.000,00 €
Cotas usuarios	20.000,00 €
Total	175.000,00€

A Fundación Vide, desde o ano 2014, tramita os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; da mesma forma, con carácter trimestral desde a Fundación Vide se cumprimenta na citada Oficina Virtual a información de pagamentos según o establecido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

VIDE reúne as circunstancias necesarias, segundo o establecido no artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico, para ser considerada fundación do sector público.

Entre os seus obxectivos atopámonos no contido do artigo nº 6 dos seus estatutos que de forma xeral as actuacións de VIDE van encamiñadas ao fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda as entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes eventos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a tódolos cidadáns e do resto da Sociedade en xeral.

Entre as actuacións enmarcadas neste artigo destacamos o punto 12 onde reflexa a opción de “Interesar apoios, axudas das institucións públicas ou de calquera outra entidade interesada nos proxectos da fundación”.

Tendo en conta estes criterios e ás actuacións realizadas dende a Fundación VIDE, considerando que a participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”, e atendendo a que* a Concellería de Deportes do Concello de Vigo, ten determinado no seu orzamento para o presente ano na partida orzamentaria 3410.489.00.02 unha “Achega ordinaria á Fundación Vide” por importe de 125.000,00€, fórmulase a presente transferencia de financiamento por dito importe.

A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

O obxecto da presente proposta de transferencia de financiamento é colaborar co financiamento da execución do proxecto de promoción do deporte Vigüés no ano 2024 dinamizado pola Fundación Vide. Esta non ten ningunha incompatibilidade con outras achegas, axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

A Fundación Vigo Deporte presentará unha memoria xustificativa das actividades realizadas en base ao proxecto presentado, onde figurarán relacionadas as actividades realizadas.

O Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, comprobará o correcto destino da achega municipal e se fora preciso proceder á inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axuda do Concello de Vigo.

A tramitación da transferencia de financiamento implica a aceptación por parte da Fundación VIDE das obrigas sinaladas na lexislación vixente, segundo o sinalado no artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telematicamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

No que respecta á comprobación, xustificación e control da achega municipal, nos termos establecidos no artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procederáse mediante técnicas de auditoría contratada ao efecto a auditores de contas ou sociedades de auditoría de contas.

A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2024.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: A aprobación da presente transferencia de financiamento por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos seguintes condicionantes:

a) O obxecto da transferencia de financiamento é colaborar na execución do proxecto de promoción do deporte Vigués no ano 2024 dinamizado pola Fundación Vide, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro.

b) A lexislación aplicable, é a que sinala o artigo 113 da Lei 16/2010, 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico; ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumprimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007; A Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial, pola que con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido. O establecido pola Orde HAP/2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, polo que con carácter trimestral a Fundación Vide queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais; o artigo 220 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

c) Esta transferencia de financiamento non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

d) A tramitación do pago do importe da aportación municipal á Fundación Vide, con cargo á partida 3410.489.00.02, realizarase segundo o seguinte procedemento de pago:

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
- O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2024.

e) Obrigas da Fundación Vide:

- Desenvolver o programa de actividades detalladas no proxecto anual presentado ante o Concello de Vigo.
- Incorporar a imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calquera actividade, proxecto...na que participe, dinamice ou participe.
- Adoptar as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte da Concellería de deportes-Concello Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, na súa web, nas presentacións e difusión ds súas actividades, etc, procurando previamente a conformidade da Concellería de deportes.
- Colaborar coa Concellería de deportes-Concello de Vigo nas iniciativas que desde éste poidan desenvolverse no ámbito do deporte na cidade de Vigo.
- Comunicar á Concellería de Deportes-Concello de Vigo as modificacións, alteracións ou cancelacións que puideran integrar parte do programa de actividade previsto.
- Achegar á Concellería de deportes a seguinte documentación:

–Informes trimestrais sobre as actividades realizadas.

–Relación de ingresos e gastos, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

–Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Vide.

–Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Vide de cada exercicio, a presentar no mes de decembro, que deberá incluír, como mínimo, os seguintes datos e documentos:

✓Datos sobre participantes nas actividades desenvoltas.

✓Memoria de prensa.

✓Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

- Utilizar a lingua galega como lingua oficial de comunicación, quedando a utilización doutras linguas nas publicacións e difusión sometidas aos acordos específicos coa concellería de deportes.

f) Obrigas do Concello de Vigo:

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades da Fundación Vide.
- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento de acordo co procedemento de pago establecido:
 - O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local.
 - O 50% restante será abonado antes do 30 de setembro de 2024.

g) A Fundación Vide achegará á Concellería de deportes, para o seu coñecemento, información e documentación sobre a súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral do Concello de Vigo.

h) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia de financiamento.

k) A Fundación Vide está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a tramitación da transferencia de financiamento, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade obxecto da financiación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común e na Lei 3/2018, do 1 de outubro, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(154).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NON CENTROS DE EMPREGO. EXPTE. 20503/77.

Visto o informe xurídico de data 07/03/2024 e informe de fiscalización do 08/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 01/03/2024, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 2 de outubro de 2023, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de E Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude autorizou iniciar o expediente de contratación para a contratación do SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude en data 2 de outubro de 2023.
- Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 8/02/2024, asinado polo arquitecto técnico de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.
- Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo arquitecto técnico de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 8/02/2024.
- Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude en data 19/02/2024.
- Memoria económica do contrato, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, corrixida o 26/02/2024 (última sinatura dixital)

- Certificado de existencia de crédito do 5/02/2024 (RC núm. Operación 8358, RCFUT núm. Operación 8359).
- Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 26/02/2024.
- Prego de cláusulas administrativas corrixido en data 26/02/2024, asinado pola pola técnica de administración xeral de Contratación e a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia estaba delegada por Resolución da Alcaldía do 19/06/2023 de Delegación de competencias e estrutura da Administración e Resolución da Alcaldía do 21/06/2023 aprobando a delegación de competencias xenéricas en concelleiros e concelleiras de área de Goberno e concelleiros delegados do Concello de Vigo, e acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 aprobando a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e concelleiros delegados Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en resolución de 2 de outubro de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral e a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (20503-77) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do “SERVIZO DE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 8 de febreiro de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 26 de febreiro de 2024, que rexerán a contratación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

do “SERVIZO DE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO ”.

3º.- Aprobar o gasto de 11.208,06 € para a contratación do “SERVIZO DE SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2270100 VIXILANCIA E SEGURIDADE (P. EMPREGO) do orzamento do concello de Vigo, distribuídos do xeito seguinte:

- ANO 2024: 2.802,02 EUROS
- ANO 2025: 3.736,02 EUROS
- ANO 2026: 3.736,02 EUROS
- ANO 2027: 934,00 EUROS

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(155).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO OBRADOIRO DE EMPREGO “VIGO CAPACITA X” E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 20746/77.

Visto o informe de fiscalización de data 12/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 11/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 38, do xoves 22 de febreiro de 2024, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade vén de publicar a “ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR353A).

1. Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas maiores de 18 anos. A Concellería de Cultura e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro “Patrimonio histórico”, “Lagares”, “Forestal”, “Xardín Histórico de Castrelos”, “Mar de Vigo” -I, II,III e IV- , Escola Obradoiro “Vigozoo” -I, obradoiro de emprego “Vigozoo” -I, II e III-, obradoiro de emprego “Vigo Atende”, Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil “Formaweb I, II e III”, Obradoiro de emprego “VIGO CAPACITA” I, II, III, IV, V , VI, VII, VIII, IX”) un novo proxecto o Obradoiro de Emprego “**VIGO CAPACITA X**”, propoñendo as especialidades de **Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos**, pola demanda existente destas profesións, tanto para atender ás necesidades da poboación como a propia demanda empresarial.

II. En data 23/02/2024 a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a “ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado coa Cociña e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto “**Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA X**” e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 20 alumnos/as, 10 na especialidade de “Cociña (HOTRO408)” e os outros 10 na especialidade de “Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos” (ENAE0108_2)”, co obxectivo final de formar e cualificar ao alumnado-traballador para acadar a máxima inserción laboral do mesmo nos sectores nos que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Promover entre o alumnado-traballador a garantía de seguridade e salubridade das actividades de hostelería así como a protección ambiental neste sector.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

2. Coñecer os métodos de preelaboración e conservación de alimentos.
3. Divulgar as diversas Técnicas culinarias existentes.
4. Creación de plantillas para cada sección.
5. Servizos á comunidade, cocinando para: o comedor social La Sal de la Tierra, actos e eventos da Fundación Érguete, os Kid's Brunches, menús degustación e Almorzos saudables dirixidos a escolares, persoas con discapacidade e persoas da terceira idade e showcookings e menús degustación en mercados da cidade.
6. Promover accións de concienciación entre os escolares da importancia das enerxías renovables, facendo fincapé na enerxía fotovoltaica.
7. Elaboración de documentos mediante aplicacións ofimáticas por parte dos alumnos-traballadores do Obradoiro para a divulgación de enerxías renovables.
8. Promover entre o alumnado a protección e seguridade no manexo da enerxía fotovoltaica.

A duración do “Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA X” está establecida en 9 meses e a data prevista de inicio é o 10 de xullo do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do CVC de Valadares e aulas do centro VIGONATURE (Antigo Vigozoo), que están adecuadamente adaptadas ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Emprego e Igualdade (mobiliario, maquinaria e equipos), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, no caso das especialidades de Cociña están relacionados coa compra de alimentos, para a elaboración de menús e posterior servizo no comedor social da Asociación “La Sal de la Tierra”, Calor café da fundación Erguete, a realización de xornadas de almorzos saudables, destinados a persoas maiores, persoas con discapacidade e nenos en idade escolar en colaboración coas asociacións de maiores e escolas públicas, e que pretenden mellorar os coñecementos alimentarios da cidadanía viguesa cara a unha mellora da saúde; así como para os showcookings e menús degustación en mercados da cidade, por outra banda no caso de e Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos, é precisa a adquisición de paneis solares e demais material eléctrico e electrónica para a instalación dos paneis

- o III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, por importe de **411.928 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro VIGO CAPACITA X, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na “ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024”, e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 45.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2024 e 2025 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de xullo de 2024.

Partida	2024	2025
2410 2279900 Prestación de servizos técnicos (P.Emprego)	15.000€	30.001€

O total do proxecto ascende a **456.929,00** euros, 411.928,00 euros da subvención solicitada e 45.001,00 euros da achega municipal.

Por outra banda de acordo co establecido no artigo 15 da Orde, solicítase un número de **20** incentivos á contratación de alumnado do obradoiro dual de emprego polo importe de **30.000** euros, ditos incentivos teñen por obxecto á contratación e promoción da inserción laboral das persoas participantes nos Obradoiros duais de emprego.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal e segundo as instrucións da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía 19 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo.

ACORDOS:

- 1.- Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego VIGO CAPACITA X", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.
- 2.- Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na "ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024, publicado no DOG. núm. 38, do 22 de febreiro.
- 3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

anos 2024 e 2025, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

- 4.- Delegar na Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "VIGO CAPACITA X".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO OBRADOIRO DE EMPREGO "FORMAWEB VI" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 20754/77.

Visto o informe de fiscalización de data 12/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 11/03/2024, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. No Diario Oficial de Galicia núm. 39, do venres 23 de febreiro de 2024, a consellería de Promoción do Emprego e Igualdade vén de publicar a ORDE do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR353B).

Mediante o programa público de escolas obradoiro e casas de oficios acométese a problemática do desemprego nas persoas con idades comprendidas entre os 25 e os 30 anos. A Concellería de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo, consciente de que pola súa dimensión pode soportar un maior número de proxectos

destas características, quere promover, na liña dos proxectos promovidos ata hoxe (escolas obradoiro "Patrimonio histórico", "Lagares", "Forestal", "Xardín Histórico de Castrelos", "Mar de Vigo" -I, II, III e IV- , Escola Obradoiro "Vigozoo", obradoiro de emprego "Vigozoo" -I, II e III-, obradoiro de emprego "Vigo Atende", obradoiro de emprego "Vigo Capacita" I, II, III, IV, V, VI, VII e VIII, Obradoiro de emprego "Vigo Prepara", Obradoiro de emprego de Garantía xuvenil "FORMAWEB I, II, III, IV e V") un novo proxecto denominado Obradoiro de Emprego "**FORMAWEB VI**", propoñendo as especialidades de **Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3)** e **Seguridade Informática (IFCT0109)**, pola demanda existente destas profesións na actualidade, tanto para atender ás necesidades da poboación como á propia demanda empresarial.

II. En data 28/02/2024 a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude asinou a orde de inicio de expediente para tramitar a solicitude de axuda da convocatoria segundo a Orde do 07 de febreiro de 2024.

As previsións de xeración de emprego no sector relacionado co desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web e sistemas de xestión da información levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local de Emprego do Concello de Vigo, a redactar o presente proxecto "**Obradoiro de Emprego FORMAWEB VI**" e a tramitar a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. En canto á competencia para actividade de fomento de emprego - que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables - a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que establece no seu artigo 3.3.d), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non se entenderá como exercicio de novas competencias a concorrencia a convocatorias de subvencións ou axudas, así como a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións, para que as entidades locais realicen con carácter conxuntural actividades de información, de asesoramento, de orientación, de mellora da empregabilidade e formativas e máis outras actividades que non supoñan a creación de novos servizos municipais dacordo co artigo 297 da Lei 5/1997. Tampouco se entenderá como exercicio de novas competencias a realización das actividades citadas unha vez obtida a subvención, e no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

Dacordo co establecido na Orde da convocatoria, a presentación desta solicitude non conleva implicitamente a aceptación da mesma.

II. O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 16 alumnos/as nas especialidades de "Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3)" e "Seguridade



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Informática (FCT0109_3)", cuxo obxectivo final é formar e cualificar aos/as alumnos/as para acadar a máxima inserción laboral dos/as mesmos/as no sector no que queren traballar e, ao mesmo tempo que se realicen servizos de interese para a comunidade. O proxecto reflicte algúns dos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto:

1. Programación web no contorno cliente.
2. Programación web no contorno servidor.
3. Implantación de aplicacións web en contornos internet, intranet e extranet.
4. Seguridade en equipos informáticos.
5. Auditoría de seguridade informática.
6. Xestión de incidentes de seguridade informática.
7. Sistemas seguros de acceso e transmisión de datos.
8. Xestión de servizos no sistema informático.

A duración do "Obradoiro de Emprego FORMAWEB VI" está establecida en 12 meses e a data prevista de inicio é o 16 de xuño do presente ano.

Para o seu desenvolvemento, utilizaranse as instalacións do Centro Municipal Ríos Teis, na rúa Baixada a Ríos 86, que está adecuadamente adaptado ás necesidades do obradoiro.

Non é necesaria achega municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade (mobiliario, maquinaria), xa que os mesmos se atopan nas instalacións nos que se pretende desenvolver o obradoiro de emprego e, o financiamento dos materiais necesarios para o desenvolvemento das obras a realizar, están relacionados coa compra de material de carácter divulgativo.

III. O expediente ten por obxecto solicitar unha subvención á Consellaría de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, por importe de **438.603,20 €**, contemplada no proxecto de Obradoiro FORMAWEB VI, resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na "*Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR353B)*", e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto.

Estímase a achega municipal en 45.001,00 € e deberá ser incluída nas correspondentes partidas municipais dos anos 2024 e 2025 dos orzamentos municipais, xa que a obra se iniciaría, de ser aprobado o proxecto pola Xunta de Galicia nos termos nos que se presenta esta proposta, no mes de xuño de 2024, polo que os importes da cofinanciación a realizar polo Concello de Vigo serán os seguintes:

<u>Partida</u>	<u>2024</u>	<u>2025</u>
2410 2219900 GASTOS EN PROGRAMAS DE EMPREGO	15.000€	30.001€

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que derivan da subvención que se solicita.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade con anteriormente exposto, a tenor do previsto no artigo 127.1.h) da Lei 57/2003 de Medidas para a modernización do Goberno Local, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23), nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución de Delegación de Competencias de Alcaldía de 19 de xuño de 2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

- 1.- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB VI”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.
- 2.- Solicitar á Consellería de de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na “*Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe), no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 (código de procedemento TR353B)*”, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 39, do venres 23 de febreiro de 2024.
- 3.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2024 e 2025, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

- 4.- Delegar na Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude a representación do Concello de Vigo na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego "FORMAWEB VI".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(156).- NOMEAMENTO DUN FUNCIONARIO DE CARREIRA CON CARGO A PRAZA VACANTE DE PROGRAMADOR INFORMÁTICO (C1)- OEP 2017-2018-2019. EXPTE. 43127/220.

Visto o informe de fiscalización 04/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 01/03/2024, asinado pola técnica media de Relación Laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía dúas prazas de programador/a informática (C1), 1 pola quenda promoción interna e 1 pola quenda libre.

II.- Segundo a documentación obrante no expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de programador/a informática, acordou:

"(...) Propoñer á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto na base 8.4.6 das xerais e unha vez que o aspirante que superou o proceso selectivo achegue a correspondente documentación na forma e prazo sinalado nas base decimo terceira das xerais, que rexen este proceso selectivo, a adopción do seguinte acordo:

Nomear funcionario de carreira con cargo á praza vacante de Programador Informático enmarcada no grupo C de titulación, subgrupo C1; escala, Administración Especial; subescala servizos especiais; clase cometidos especiais, incluídas na oferta de emprego público correspondente aos anos 2017-2018-2019 do Concello de Vigo a:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
IGLESIAS OTERO	MIGUEL ANGEL	**4994***	24,88

Lémbra- se ó aspirante que superou o proceso selectivo que, de conformidade coas bases xerais, apartado A) Persoal funcionario, base Décimo terceira, que rexen o proceso selectivo, deberá presentar na Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo os documentos que xustifiquen as condicións de capacidade e demais requisitos contidos na base cuarta, no prazo de 20 días naturais, contados a partir da publicación deste anuncio.

3.- Propoñer que se declare deserto o proceso selectivo para unha praza de programador informático pola quenda de promoción interna ao ser inadmitida a única solicitude presentada, e desestimado o recurso de reposición presentado contra a dita inadmisión por resolución da concelleira delegada de RRHH e Formación o 18 de setembro de 2023."

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 03/11/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación administrativa de data 28/02/2024 segundo o cal, "*Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Programador/a informática**, persoal funcionario, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.*

Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constan os seguintes datos:

*- En Administración electrónica (113), Posto 98 – Programador/a informática, dotación 6; atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/03/2021 (expdte. 37117/220), por Miguel Ángel Iglesias Otero con DNI ***9941**, que tomou posesión o 23/03/2021 con cargo á praza vacante de programador/a informática correspondente á oferta de emprego público do ano 2017."*

VI.- Toda vez que dita praza vacante atópase cuberta interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 18/03/2021, pola mesma persoa proposta, deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á súa toma de posesión como funcionario de carreira con cargo á dita praza (no apartado terceiro do referido acordo xa se prevía a súa extinción automática no momento no que se cubrise definitivamente dita praza, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público incluído na Oferta de Emprego correspondente ao ano 2017).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación.- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local

debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal www.vigo.org e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

Neste caso procede o nomeamento como funcionario de carreira, na praza de Programador/a informática, con cargo á praza vacante pola quenda libre enmarcada no grupo C, subgrupo C1; escala administración especial; incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2017 – 2018 - 2019, fase 3 de Concello de Vigo, a Miguel Ángel Iglesias Otero, segundo consta na proposta do órgano de selección referida no punto II dos antecedentes de este informe.

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

V. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar deserta unha praza vacante de Programador/a informática ofertada na OEP 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019), pola quenda promoción interna, ao ser inadmitida a única solicitude presentada, e desestimado o recurso de reposición.

SEGUNDO.- Cesar como funcionario interino con cargo á praza vacante de Programador/a informática, correspondente á oferta de emprego público do ano 2017, a **Miguel Ángel**

Iglesias Otero, con DNI *4994****, con efectos dende o día anterior da toma de posesión do mesmo interesado, nomeado funcionario de carreira con cargo á dita praza.

TERCEIRO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo á praza vacante ofertada na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019) de Programador/a informática, pola quenda libre, ao aspirante **Miguel Ángel Iglesias Otero, con DNI n.º ***4994****, que superou toda as probas previstas no proceso selectivo e acadou unha puntuación total de 24,88 puntos.

CUARTO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá tomar posesión como funcionario/a de carreira na devandita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

QUINTO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao servizo de Administración Electrónica, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(157).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, CON CARGO A PRAZA VACANTE DUN CAPATAZ DE LIMPEZA (C1)- OEP 2017-2018-2019. EXPTE. 43285/220.

Visto o informe de fiscalización 04/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 01/03/2024, asinado pola técnica media de Relación Laborais, o técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de capataz limpeza, pola quenda de promoción interna, en réxime laboral e equiparada ao subgrupo C1 de titulación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

II.- En sesión de data 04/12/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de capataz limpeza pola quenda de promoción interna, acordou:

*“PRIMEIRO.- Declarar aprobado o concurso-oposición para a praza convocada en réxime laboral, de capataz de limpeza, reservada para a quenda de promoción interna, de conformidade coa Base Xeral 10ª e coas Bases específicas desta oposición, ao aspirante Don Jesús Manuel Garrido Marcos, con DNI ***3617**, cun total de 25,35 puntos.*

SEGUNDO.- Remitir o expediente tramitado á Área de Recursos Humanos ao obxecto de que proceda consonte ao previsto para o persoal laboral no epígrafe XIII das Bases Xerais, previa comprobación das esixencias documentais ás que se refire a base 4a das específicas e 4a das xerais en relación coa décimo segunda.”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 11/12/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación administrativa de data 21/02/2024 segundo o cal, *“Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Capataz limpeza**, persoal laboral, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.*

Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, conséntase a existencia de 1 vacante.

O posto asociado a mesma atópase no Servizo de Limpeza Viaria (252), Posto 119 – Capataz limpeza, dotación 1.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. “1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanten, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103. “El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.-.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023)

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Contratar como empregado público Municipal en réxime laboral fixo, con cargo á praza vacante convocada de Capataz limpeza, pola quenda de promoción interna, a Jesús Manuel Garrido Marcos, con DNI ***3617**, que foi proposto polo órgano de selección, por ser o aspirante que superou todos os exercicios do concurso-oposición e que acadou unha puntuación total de 25,35 puntos.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberá asinar o aspirante proposto no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á persoa interesada, ao servizo de Limpeza viaria, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(158).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA PRESENTADO CONTRA A ACORDO ADOPTADO POLO ÓRGANO DE SELECCIÓN ENCARGADO DE PROVER TRES PRAZAS DE OFICIAL DE MANTEMENTO EN RÉXIME LABORAL POR QUENDA LIBRE. EXPTE.41450/220.

Dáse conta da proposta de data 06/03/2024, asinada pola xefa de Seguridade e secretaria titular do órgano de selección encargado de prover tres prazas en réxime laboral por quenda libre, de oficial de mantemento, que di o seguinte:

O órgano de selección encargado de prover tres prazas en réxime laboral por quenda libre, una delas reservada para discapacitados/as, de **oficial de mantemento**, equiparada ao grupo C2 para os efectos de titulación, correspondente á O.E.P dos anos 2017-2018-2019 (3ª fase da convocatoria), na sesión celebrada en data 27 de febreiro de 2024 adoptou o seguinte **ACORDO**:

“Primeiro.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a desestimación do recurso de alzada presentado polo aspirante Don Javier Sánchez Figueroa, con Doc. Nº. 240067337, en data 22.02.2024 contra a acordo adoptado polo órgano de selección na sesión celebrada o pasado 30 de novembro de 2023.

Segundo.- Confirmar a proposta realizada na sesión celebrada en data 05 de febreiro de 2024, declarando aprobada a oposición para as 3 prazas de OFICIAL DE MANTEMENTO (quenda libre, unha delas reservada para discapacitados/as) en réxime laboral, equiparada ao subgrupo C2 para os efectos de titulación, de conformidade coa Base Xeral 10a e coas Bases específicas desta oposición, aos aspirantes:

*1º POSTO: Don Rubeñ Guisande Alonso, con DNI 361***62, cun total de 21,67 puntos.*

*2º POSTO: Don Victor González Cortegoso, con DNI 536***05, cun total de 19,33 puntos.*

*PRAZA RESERVADA PARA DISCAPACITADOS: Don Jose Luis Silva Pereira, con DNI 361***84, cun total de 21,17 puntos.”*

A motivación deste acordo contense na acta redactada pola Secretaria, co visto e praxe do Sr. Presidente do Órgano, da sesión de 27/02/2024 que ten o seguinte teor literal:

“En Vigo, ás 09:30 horas do día 27 de febreiro de 2024, réunese no despacho da Xefatura de Servizo de Seguridade, sito no 1º soto da Casa Consistorial, o órgano de selección designado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023 para a cobertura de tres prazas en réxime laboral, por quenda libre, de OFICIAL DE MANTEMENTO correspondente á 3ª fase da oferta pública de emprego 2017-2018-2019, para resolver o recurso de alzada (Doc. Nº. 240067337)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

presentado en data 22.02.2024 polo aspirante Don Javier Sánchez Figueroa contra a acordo adoptado polo órgano de selección na sesión celebrada o pasado 30 de novembro de 2023. O órgano de selección queda constituído coa asistencia dos seguintes membros:

D. Rubén Peña Barceló, na condición de Presidente titular do órgano de selección.

D^a. Rosa Ana Garcinuño Barreiro, Secretaria titular do órgano, actuando con voz e sen voto.

D. Juan Carlos Rodríguez Lorenzo, na condición de vogal titular 1^o.

D. Perfecto Riveiro Barbosa, na condición de vogal titular 2^o.

D. Javier Figueroa Castro, na condición de vogal titular 3^o.

Pola Presidencia procédese á apertura da sesión.

A Secretaria entrega aos asistentes copia do recurso de alzada, presentado en tempo e forma, mediante o Documento Número 240067337, en data 22.02.2024, polo aspirante Don Javier Sánchez Figueroa contra a acordo adoptado polo órgano de selección na sesión celebrada o pasado 30 de novembro de 2023.

O Presidente procede á lectura do recurso de alzada.

A Secretaria procede á lectura do seu informe. Lembra ao Tribunal que na sesión celebrada o pasado 30 de novembro de 2023 estimouse parcialmente a reclamación presentada polo aspirante Don Víctor González Cortegoso contra as puntuacións do segundo exercicio, de carácter práctico, do proceso selectivo. Deste xeito, lembra ao órgano de selección con relación ao criterio de corrección "A" da primeira tarefa, "colocar o pomo no sentido correcto", que acordou estimar parcialmente, neste concreto aspecto, a reclamación presentada por González Cortegoso por canto para a realización da proba usouse o pomo de pechadura, marca Tesa, modelo 350060/70 CM, de carácter reversible. Así, considerando que o tribunal non especificara se a porta abría cara o exterior ou interior do habitáculo e como o modelo de picaporte utilizado era reversible, podendo ser colocado en ámbolos dous sentidos, o criterio de corrección "A" foi modificado na sesión de 30/11/2023, considerando ámbolos dous sentidos de colocación correctos, mantendo a mesma puntuación aos aspirantes que o tiñan colocado no sentido que o tribunal dera por correcto, en principio, na sesión de data 20/11/2023 e sumando 0,5 puntos aos aspirantes que tiñan colocado o picaporte noutro sentido.

En consecuencia, deste xeito, o aspirante Don Víctor González Cortegoso pasou de obter 9,00 puntos no exercicio práctico a 9,5 puntos.

A Secretaria informa ao órgano de selección que tense cometido no proceso selectivo unha irregularidade non invalidante xa que a publicación do referido acordo de 30/11/2023 non se realizou no portal web desta administración ata o día 19 de febreiro de 2024, unha vez detectado o erro trala lectura da reclamación presentada por Don Javier Sánchez Figueroa en data 16.02.2024.

En síntese o recurso de alzada presentado en data 22.02.2024 polo aspirante Don Javier Sánchez Figueroa fundaméntase nun motivo único: "A validez das puntuacións iniciais emitidas ao abeiro das propias instrucións ofrecidas, polo órgano de selección, aos aspirantes."

Concretamente manifesta que "(...) La motivación ofrecida es de todo punto incorrecta, amén de inveraz. Una cosa es que cualquier picaporte permita, por sus especificades técnicas, dos posibles sentidos de colocación, y otra muy distinta que en el ejercicio práctico celebrado fuese posible tal reversibilidad, que no lo fue, pues el miembro del tribunal que nos ofreció las pertinentes explicaciones a los aspirantes antes de comenzar el ejercicio práctico (Sr. D. Javier Figueroa Castro, en su condición de vocal titular 3^o) nos indicó expresamente, de manera inequívoca, cual era la superficie de la puerta que debía considerarse como de entrada o acceso. No es cierto, por tanto, que el referido miembro del Tribunal no especificase si la puerta abría de cara al exterior o al interior del habitáculo, porque sí lo hizo. La dirección de cierre de la hoja no sólo nos fue indicada en el momento de la explicación de la prueba, sino que, a mayores, se hacía constar sobre una cinta de carroceros (pegada sobre un elemento que simulaba la puerta) donde se podía leer, de manera clara, cuál era la

dirección de apertura. Pues bien, en el caso que nos ocupa el picaporte solo tiene una dirección correcta de colocación debido a que el « resbalón » (esto es, la pieza móvil que se ubica en el frontal, y que entra y sale de la cerradura debido al movimiento de la manilla o al provocar la apertura al girar el cilindro con la llave) tiene que quedar, con respecto a la placa de la cerradura (ubicada en el marco) en una posición tal que no sea necesario el uso del pomo para cerrar la puerta, pues, si se coloca al revés, la cara plana del resbalón impactaría contra la placa y para cerrar la puerta sería necesario mover el pomo. Que el resbalón sea reversible es totalmente irrelevante para el desarrollo de la prueba debido a que no invalida una mala colocación, y para lo único que serviría es para girar el resbalón con ayuda de unos alicates a posteriori, por consiguiente, argumentar que el picaporte tiene un resbalón reversible y que posteriormente se puede cambiar la dirección de cierre es reconocer que en el momento de la realización del ejercicio dicho resbalón está mal colocado. Con lo cual sólo cabe una solución posible al ejercicio, ya que la colocación del picaporte realizada por algunos aspirantes en el lado contrario de lo que debía reputarse como puerta de entrada contraría abiertamente las instrucciones ofrecidas y, por tanto, lo que se supone que debe ser el correcto sentido de apertura de cualquier puerta.(...).

Veamos, de los miembros que integran el órgano de selección y que concurrieron el día de autos a la sesión colegiada por la cual se decidió estimar las alegaciones del Sr. González Cortegoso, resulta: Que D. Rubén Peña Barceló, Presidente titular del órgano de selección, tiene por puesto de trabajo el de Jefe del servicio de deportes- Director deportivo; Que D^a. Rosa Ana Garcinuño Barreiro, Secretaria titular del órgano, quien actúa con voz y sin voto, tiene por puesto de trabajo el de Jefa del servicio de seguridad; Que el vocal segundo, Sr. D. Perfecto Riveiro Barbosa, es oficial de mantenimiento, como también lo es el vocal tercero Sr. D. Javier Figueroa Castro, quien fue el encargado de ilustrar a los opositores cómo debía realizarse la prueba. Por tanto, y teniendo en cuenta que fue este último miembro del tribunal quien se encargó de ofrecernos a los opositores, in voce, las instrucciones previas sobre el modo en el que debía ejecutarse el ejercicio, resulta capital, para la resolución de este recurso, que sea dicho miembro quien confirme, a la Sra. Secretaria del órgano de selección, si es o no cierto que fue él quien nos indicó, a los aspirantes, cual era el sentido de apertura de la puerta para la realización del caso práctico, y si es cierto o no que ese sentido de apertura estaba expresamente señalado con cinta de carroceros.(...)”.

Vistas as manifestacións do aspirante Sánchez Figueroa, a Secretaria solicita ao vogal 3º, D. Javier Figueroa Castro, que se pronuncie sobre as mesmas, o que ven a realizar oralmente nos seguintes termos:

“Antes de dar comienzo la prueba, les indiqué a los aspirantes cual era la parte exterior de la puerta y, en ella, se colocó una cinta de carroceros especificando que esa era la parte exterior. Pero no se indicó la apertura de la puerta, por lo que esta podría abrir en ambas direcciones, hacia fuera o hacia dentro”.

Asemade os membros do órgano de selección, con voz e voto, manifestan que a afirmación do vocal 3º é correcta.

Por todo o exposto, os membros do órgano de selección con voz e voto acordan:

Primeiro.- Propoñer á Xunta de Goberno Local a desestimación do recurso de alzada presentado polo aspirante Don Javier Sánchez Figueroa, con Doc. Nº. 240067337, presentado en data 22.02.2024 contra a acordo adoptado polo órgano de selección na sesión celebrada o pasado 30 de novembro de 2023.

Segundo.- Confirmar a proposta realizada na sesión celebrada en data 05 de febreiro de 2024, declarando aprobada a oposición para as 3 prazas de OFICIAL DE MANTENIMENTO (quenda libre, unha delas reservada para discapacitados/as) en réxime laboral, equiparada ao subgrupo C2 para os efectos de titulación, de conformidade coa Base Xeral 10a e coas Bases específicas desta oposición, aos aspirantes:

1º POSTO: Don Rubeñ Guisande Alonso, con DNI 361***62, cun total de 21,67 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

*2º POSTO: Don Víctor González Cortegoso, con DNI 536***05, cun total de 19,33 puntos.*

*PRAZA RESERVADA PARA DISCAPACITADOS: Don Jose Luis Silva Pereira, con DNI 361***84, cun total de 21,17 puntos.*

E sen máis asuntos a tratar levántase a sesión sendo as 10:15 horas, levantándose Acta do actuado, da que eu Secretaria dou fe, co Vº e prace do Sr. Presidente.

Data e sinatura dixital.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(159).- CORRECCIÓN ERRO NA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2024-2026. EXPTE. 277/143.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/03/2024, asinado polo tesoureiro municipal e responsable superior Contable e Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do día 8 de marzo de 2024, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións para o marco temporal 2024-2026, no apartado SEGUNDO DA PROPOSTA, contiña o número de Liñas do PES, 40, cando son 41.

No Anexo, os PES de Desenvolvemento e Emprego, figuraban 5, cando o expediente contiña 6, polo que é necesario correxi o erro.

A rectificación de erros nos actos administrativos regúlase no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A Administración debe rectificar os erros manifestos e acreditados que conteñan os seus actos. A rectificación poderá ter lugar de oficio ou a instancia dos interesados. Debe tratarse de erros de feito ou aritméticos e poden rectificarse en calquera momento. A rectificación de erros non pode implicar unha revisión de oficio ou unha revogación encuberta, por iso non pode versar o suposto erro en valoracións ou cualificacións xurídicas, senón en erros de feito ou aritméticos.

É manifesto que se trata de un erro aritmético, o expediente contiña e contén os 6 PES da Área de

Desenvolvemento e Emprego.

Polo tanto, o Apartado SEGUNDO DA PROPOSTA, tiña a seguinte redacción:

SEGUNDO: Aprobar o Anexo ao Plan Estratéxico de Subvencións, período 2024-2026.

Aprobar os Plans Estratéxicos de Subvencións de cada unha das Áreas ou Servizos co seguinte detalle por Servizos ou Áreas coas seguintes contías, e cuxo desenvolvemento forma parte do Plan Estratéxico de cada Servizo ou Área

O número de Liñas estratéxicas contidos nos distintos PES que conforman o ANEXO, son 40

debe decir:

O número de Liñas estratéxicas contidos nos distintos PES que conforman o ANEXO, son 41

So se modifica o numero de Liñas do PES de 40 por 41.

No ANEXO

ANEXO:

Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo (2024-2026)

Os PES que forman parte do Expediente e da súa aprobación correspóndese cos programas orzamentarios e Áreas de xestión seguintes:

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Urbanismo, programa 1510.

Número de Plans Estratéxicos: 6 de Benestar Social, programa 2310, 3112.

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Igualdade, programa 2311.

Número de Plans Estratéxicos: 5 de Emprego, programa 2410.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Educación, programa 3230, 3231, 3260.

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Cultura, programa 3330, 3331, 3340.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Xuventude, programa 3370.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Festas, programa 3380.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Comercio e Festas tradicionais, programa 4310, por delegación, PES das aplicacións dos programas 3380, 3360 e 9120.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Turismo, programa 4320

Número de Plans Estratéxicos: 11 de Deportes, programa 3420.

Número de Plans Estratéxicos: 1 Transportes, programa 4412

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Participación Cidadá, programa 9240.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Alcaldía, programa 9120, sin concretar accións por escas contía.

Debe decir:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

ANEXO:

Plans Estratéxicos de cada Área ou Servizo (2024-2026)

Os PES que forman parte do Expediente e da súa aprobación correspóndese cos programas orzamentarios e Áreas de xestión seguintes:

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Urbanismo, programa 1510.

Número de Plans Estratéxicos: 6 de Benestar Social, programa 2310, 3112.

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Igualdade, programa 2311.

Número de Plans Estratéxicos: 6 de Emprego, programa 2410.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Educación, programa 3230, 3231, 3260.

Número de Plans Estratéxicos: 2 de Cultura, programa 3330, 3331, 3340.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Xuventude, programa 3370.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Festas, programa 3380.

Número de Plans Estratéxicos: 3 de Comercio e Festas tradicionais, programa 4310, por delegación, PES das aplicacións dos programas 3380, 3360 e 9120.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Turismo, programa 4320

Número de Plans Estratéxicos: 11 de Deportes, programa 3420.

Número de Plans Estratéxicos: 1 Transportes, programa 4412

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Participación Cidadá, programa 9240.

Número de Plans Estratéxicos: 1 de Alcaldía, programa 9120, sin concretar accións por escas contía.

So se modifica o número de PES de Emprego, onde figuraba 5, son 6.

O resto da proposta mantense nos propios termos, debendo dar cumprimento aos requisitos de publicidade no Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Pública

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(160).- PROXECTO DE CONVENIO COA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNION EUROPEA-NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 8158/104.

Visto o informe xurídico de data 04/03/2024 e o informe de fiscalización do 07/03/2024, dáse conta do informe-proposta do 27/02/2024, asinado pola técnica en actividades turísticas, o xefe da Área de Inversións e conformado pola concelleira

delegada de Turismo e Xuventude, a concelleira da Área de Goberno de Política Social e Turismo, o concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Segundo a definición da Organización Mundial do Turismo (OMT), un destino turístico é un espazo físico, con ou sen unha delimitación de carácter administrativo ou analítico, no que un visitante pode pasar a noite. É unha agrupación (nunha mesma localización) de produtos e servizos, e de actividades e experiencias, na cadea de valor do turismo, e unha unidade básica de análise do sector. Un destino incorpora a distintos axentes e pode estender redes ate formar destinos de maior magnitude. É, ademais, inmaterial, cunha imaxe e unha identidade que poden influír na súa competitividade no mercado.

Sen prexuízo das competencias de promoción no exterior da Secretaría de Estado de Turismo e de ordenación e promoción do turismo no ámbito autonómico da Comunidade Autónoma, as entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que influén na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos. Pola súa banda, a sustentabilidade é un dos eixos vertebradores da administración turística, constituíndo a clave de bóveda da estratexia turística española.

O turismo sustentable non é un produto turístico, senón unha forma de xestionar que debe aplicarse a calquera tipo de produto e destino turístico, segundo recomentan a OMT e outros organismos internacionais. A OMT define o turismo sustentable como «O turismo que ten plenamente en conta as repercusións actuais e futuras, económicas, sociais e ambientais para satisfacer as necesidades dos visitantes, da industria, da contorna e das comunidades anfitrías.» As directrices para o desenvolvemento sustentable do turismo e as prácticas de xestión sustentable aplícanse a todas as formas de turismo en todos os tipos de destinos, incluídos o turismo de masas e os diversos segmentos turísticos. Os principios de sustentabilidade refírense aos aspectos ambiental, socioeconómico e territorial do desenvolvemento turístico, habéndose de establecer un equilibrio adecuado entre esas tres dimensións para garantir a súa sustentabilidade a longo prazo.

O desenvolvemento sustentable do turismo esixe a participación informada de todos os axentes relevantes, así como un liderado político firme para lograr unha colaboración ampla e establecer un consenso. O logro dun turismo sustentable é un proceso continuo e require un seguimento constante das súas incidencias para introducir as medidas preventivas ou correctivas que resulten necesarias. Un destino turístico sustentable sitúa como eixo vertebrador a sustentabilidade na medida que a integra na súa forma de xestionar e de realizar un seguimento constante das incidencias do turismo na tripla dimensión ambiental, socioeconómica e territorial, para introducir as medidas preventivas ou correctivas que



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

resulten necesarias. Debe contribuír a un desenvolvemento armonioso en todo o territorio, de maneira que fortaleza a cohesión territorial. Así mesmo, reporta un alto grao de satisfacción aos turistas e contribúe a que o turismo represente para eles unha experiencia significativa, facéndoos máis conscientes da problemática da sustentabilidade e fomentando neles unhas prácticas turísticas acordes a esta.

A Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), a través da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística exerce a función de deseño e implantación de estratexias encamiñadas ao desenvolvemento e mellora dos destinos turísticos baseadas na calidade, a promoción da excelencia, a corresponsabilidade público-privada, a participación social, a sustentabilidade ambiental, social e económica e a adaptación aos novos requirimentos da demanda. Así mesmo desenvolven plans e programas que promoven a innovación, a calidade, a sustentabilidade e a competitividade de produtos turísticos de alto valor engadido para o cliente; así como o fomento de novas categorías de produto que contribúen á desestacionalización e desconcentración da oferta, todo iso baseado na colaboración público-público e público-privada. Estas intervencións públicas sobre os destinos turísticos para mellorar a súa sustentabilidade e competitividade son claves para manter o atractivo de España e o emprego do sector turístico.

O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de

actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.11 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

II.- PROCEDEMENTO NA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO.

De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Vigo que a continuación se enuncia.

Tras a apertura da convocatoria e a remisión dos PSTD no prazo establecido, as propostas de PSTD e de Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) foron valoradas por parte das comunidades autónomas e da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), de acordo a criterios obxectivos establecidos na propia Estratexia.

Posteriormente, Axencia de Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

sinerxías e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

A Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 29 de marzo de 2022 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2022, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 28 de xullo de 2021. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2022.

No caso do Plan Nacional de Turismo Enogastronómico 2022, a distribución dos fondos realizouse en base a un indicador sintético que ponderou, en primeiro lugar, a puntuación do plan respectando os limiares mínimos de investimento establecidos na Estratexia de Sustentabilidade (ver apartado 8.2.1) e, en segundo lugar, o peso que a CC. AA. tiña na distribución do Plan Nacional 2021 coa finalidade de contribuír ao principio de cohesión territorial que ten a Estratexia.

O Acordo da Conferencia Sectorial do 14 de decembro de 2022, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O Municipio.
- A Provincia.
- A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

III.- PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO DESTINO VIGO.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.

O Concello de Vigo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.

En data 12 de maio de 2022 a Xunta de Goberno Local adopta o acordo de aprobación do “PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2022” para a presentación en convocatoria extraordinaria de plans de sostenibilidade turística en destino para entidades locais, publicada polo ministerio de industria, comercio y turismo. Expte 8158/104, baixo o título de Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.

O Plan incluía as seguintes actuacións: adaptación do centro multifuncional de turismo gastronómico ao cambio climático, promoción de novos activos de turismo gastronómico fora de tempada, plan de xestión de residuos diferenciada da canle HORECA do casco vello



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

e ámbito de influencia, estratexia de neutralidade enerxética do centro multifuncional de turismo gastronómico, transformación do sistema de iluminación do casco vello, humanización Paseo Granada coa instalación de elementos mecánicos de mobilidade urbana sustentable, desenvolvemento de entornos intelixentes do centro multifuncional de turismo gastronómico, actualización de web e app de turismo de Vigo, plataforma de intelixencia turística e programa de vixilancia competitiva, recuperación do patrimonio cultural: rehabilitación de edificacións na Praza da Igrexa do Casco Vello para a creación do centro multifuncional de turismo gastronómico. A proposta inicial do destino Vigo implicaba actuacións polo importe de 10.999.555,66€.

En data 28/10/2022 a Xunta de Galicia require a reformulación da proposta do “Plan de Sostenibilidade Turística de Vigo” fundamentándose nun programa económico de intervención ao longo de tres anualidades adaptada a unha concesión máxima de 2 millóns de euros.

En data 09/11/2022 o Concello de Vigo presenta a reformulación do “Plan de Sostenibilidade Turística de Vigo” coas seguintes actuacións por eixes:

- Rehabilitación sostible dun Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico para a adaptación ao cambio climático
- Desenvolvemento de procesos e materiais baseados na circularidade na rehabilitación do CRV.
- Estratexia de sostenibilidade enerxética do Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico para un desempeño enerxético próximo a la neutralidade e a sua certificación.
- Desenvolvemento de entornos intelixentes del Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico (recreacións virtuais do patrimonio gastronómico) para la promoción das experiencias de turismo gastronómico e cultural da cadea de valor (produtores, recursos naturais asociados, restauración, hoteis) da cidade de Vigo: integración de novas tecnoloxías: TICS, realidade aumentada.
- Reconversión dun Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico como foco de actividade social e pública: Estratexia de actuación unitaria para un conxunto fragmentado de edificacións en la Praza da Igrexa del Casco Vello.

En data 19/12/22 a Axencia de Turismo de Galicia comunica a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo que o Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia foi aprobado no pleno extraordinario da Conferencia sectorial de Turismo en data 14/12/22, así mesmo comunica que no dito plan territorial foi incluído o Plan de sustentabilidade turística en destino “Plan de sostenibilidade turística de Vigo” cun importe de 2.000.000€.

En data 29/08/23 mediante Auto do Xulgado Contencioso/Administrativo Nº1 de Vigo, se accede á suspensión como medida cautelar, da execución das actas de pago e ocupación dos terreos da Praza da Igrexa.

O Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico é o eixo central de todas as accións que se pretendían desenvolver no marco do “Plan de Sostenibilidade Turística de Vigo” polo que a suspensión dos actos de expropiación dos terreos implican a imposibilidade de

desenvolver as accións que se concretan no marco “Plan de Sostenibilidade Turística Destino Vigo” polo tanto, se solicita á Axencia Turismo de Galicia a aprobación dun reaxuste das accións do “Plan de Sostenibilidade Turística de Vigo” recollidas no Anexo I do borrador do convenio, e xa contempladas na proposta inicial presentada na convocatoria extraordinaria 2022 de “Plan de Sostenibilidade Turística en Destinos”, en data 12/05/2022, que son as seguintes:

Eixes programáticos	Actuacións	Anualidade 2024	Anualidade 2025
Eixe 1. Transición verde e sustentable	1	Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	80.000,00 €
	2	Renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do Paseo Granada	350.000,00 €
	3	Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular	15.000,00 €
	4	Mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial	200.000,00 €
	5	Outras asistencia técnicas execución obras	30.000,00 €
	Total Eixe 1		200.000,00 €
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	6	Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	804.000,00 €
	Total Eixe 2		804.000,00 €
Eixe 3. Transición dixital	7	Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	35.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

	8	Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	36.000,00 €	
	9	Subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles	45.000,00 €	
	10	Instalación de cartelería específica para a sinalización do eixe turístico comercial	5.000,00 €	
	Total Eixe 3		86.000,00 €	35.000,00 €
Eixe 4. Competitividade	11	Mellora do mobiliario urbano: asentos, papeleiras, etc.do eixe turístico comercial		400.000,00 €
	Total Eixe 4			400.000,00 €
TOTAL			1.090.000,00 €	910.000,00 €

En data 29/01/24 a Axencia de Turismo de Galicia notifica a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo que as modificacións propostas foron aprobadas na reunión da Comisión Bilateral celebrada os días 30/11/23 e 5/12/23 entre a Secretaría de Estado de Turismo e a Comunidade Autónoma de Galicia para os plans territoriais 2021, 2022 e 2023.

A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

En data 30/01/24, publícase no BOE, a Resolución de 29 de decembro de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo de 14 de decembro de 2022, modificado por Acordo de 29 de decembro de 2023, pola que se fixan los criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de inversión

por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que recolle o Plan de sustentabilidade Turística de Vigo polo importe de dous millóns de euros.

Para facer efectiva esta transferencia de fondos, faise necesario recorrer aos mecanismos do anticipo reembolsable e ao mecanismo excepcional que o artigo 10 do *Real Decreto-lei 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego* cando concorren evidentes razóns extraordinarias de interese público e social. Circunstancias que se poñen de manifesto nesta iniciativa extraordinaria de carácter singular. A tal fin, as actuacións específicas previstas neste Convenio —execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino do Concello de Vigo do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación ó Concello de Vigo, o instrumento de intervención é o PLAN SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO, por un importe de 2.000.000 euros.

IV.- O BXETO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

V.- OBRIGAS DAS PARTES

1.- A Axencia de Turismo de Galicia no exercicio das súas competencias e en virtude do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2024 á entidade local beneficiaria a cantidade de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

2.000.000 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 e 04.A2.761A.821.06 e segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a Secretaría de Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executados conforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.

3.-A Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade en canto ao seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do PRTR, de acordo co disposto no artigo 46 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro. Ademais, asume as obrigacións de información e rexistro da consecución dos correspondentes fitos e obxectivos nos termos previstos no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como o resto de obrigacións establecidas na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

O Concello de Vigo asume en canto á execución do proxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E no enlace <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

A este respecto, a entidade local beneficiaria actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dispoñible no enlace https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/.

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervinientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:

- Órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación Colexiado, así como membros do órgano Colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.
- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos Colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia de Turismo de Galicia, así como ao seu control financeiro pola Intervención Xeral da comunidade autónoma e o Tribunal de Contas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión Europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Luita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia canda información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do receptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á chegada desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos receptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigación de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos, cando o importe do financiamento sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluírán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se preveja que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá

ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalguna das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

VI.- LEXISLACIÓN APLICABLE

O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor do Concello de Vigo, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Mediante Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellerías delegadas nas que se estrutura a administración municipal e Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do Alcalde área de Goberno de Política social e Turismo de data 30 de xuño de 2023, establece na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultade: Dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sustentabilidade turística

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Política Social e Turismo para asinar o citado convenio.

VII.-DOCUMENTACIÓN

Se adxunta ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
- Certificación da conta bancaria.

En base a todo o exposto e ao procedemento para xestión do Plan de sustentabilidade turística de Vigo, á vista do contido no presente informe e previo informe xurídico e da Intervención Xeral , propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente a seguinte :

PROPOSTA.-

PRIMEIRO.- Aprobar o “CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATION

SEGUNDO.- Aprobar o anticipo reembolsable, da Axencia de Turismo de Galicia, do importe correspondente ao financiamento deste convenio, polo importe de 2.000.000 millóns de euros, no prazo máximo dun mes dende a sinatura do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE VIGO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. Antonio Casas Calviño, xerente da Axencia de Turismo de Galicia, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos)..

E da outra, D^a Yolanda Aguiar Castro, en nome e representación do **Concello de Vigo**, na súa calidade de Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo, Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 19, 20 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do Alcalde área de Goberno de Política Social e Turismo de data 30 de xuño de 2023, establece na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultade: Dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sustentabilidade turística e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de Recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

De acordo ao procedemento establecido na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino aprobada na Conferencia Sectorial do 28 de xullo de 2021, a Axencia de Turismo de Galicia elaborou o Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Vigo que a continuación se enuncia.

Tras a apertura da convocatoria e a remisión dos PSTD no prazo establecido, as propostas de PSTD e de Actuacións de Cohesión entre Destinos (ACD) foron valoradas por parte das comunidades autónomas e da Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), de acordo a criterios obxectivos establecidos na propia Estratexia.

Posteriormente, Axencia de Turismo de Galicia e SETUR compartiron en sesión formalmente convocada o 5 de novembro de 2021 do Comité Consultivo formado por dous representantes da Axencia de Turismo de Galicia, dous representantes de SETUR e unha representante da FEGAMP as valoracións das intervencións propostas para esta convocatoria 2021. Na devandita reunión, presentouse un informe que contiña o listado de todos os PSTD recibidos, as ACD, e as puntuacións asignadas a cada unha desas intervencións. A esta Convocatoria do Comité Consultivo convidouse con voz, pero sen voto, a un representante de cada destino urbano ou cidade con identidade turística que presentaran PSTD a esa convocatoria.

Finalmente, elaborouse a proposta de Plan Territorial de Galicia que inclúe os PSTD e ACD que, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 con base nos criterios de valoración recollidos, encaixaban mellor na planificación turística territorial atendendo ao marco da repartición orzamentaria asignada para 2021 á Comunidade Autónoma de Galicia, tendo en conta a súa contribución á cohesión territorial e detallando a súa xustificación e coherencia, tanto no que se refire á interrelación do conxunto de intervencións (PSTD e ACD), como ás sinerxías e aliñación de cada unha das intervencións coas estratexias de turismo a nivel autonómico e estatais, así como cos obxectivos xerais e específicos da Estratexia.

A Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

Con data de 29 de marzo de 2022 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2022, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 28 de xullo de 2021. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2022.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

No caso do Plan Nacional de Turismo Enogastronómico 2022, a distribución dos fondos realizouse en base a un indicador sintético que ponderou, en primeiro lugar, a puntuación do plan respectando os limiares mínimos de investimento establecidos na Estratexia de Sustentabilidade (ver apartado 8.2.1) e, en segundo lugar, o peso que a CC. AA. tiña na distribución do Plan Nacional 2021 coa finalidade de contribuír ao principio de cohesión territorial que ten a Estratexia.

O Acordo da Conferencia Sectorial do 14 de decembro de 2022, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O Municipio.
- A Provincia.
- A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación

de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.

O Concello de Vigo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de “Plan de Sustentabilidade Turística de Vigo” sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.

Inclúe as seguintes actuacións: incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada; renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do paseo Granada; creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular; mellora do alumbeado público do eixe turístico comercial; outras asistencia técnicas execución obras; instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; actividades de formación para o impulso da dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación Marítima / Monte do Castro; subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles; instalación de cartelería específica para a sinalización do eixe turístico comercial; mellora do mobiliario urbano: asentos, papeleiras, etc do eixe turístico comercial.

A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

Para facer efectiva esta transferencia de fondos, faise necesario recorrer aos mecanismos do anticipo reembolsable e ao mecanismo excepcional que o artigo 10 do *Real Decreto-ley 25/2020, de 3 de julio, de medidas urgentes para apoiar la reactivación económica y el empleo* cando concorren evidentes razóns extraordinarias de interese público e social. Circunstancias que se poñen de manifesto nesta iniciativa extraordinaria de carácter singular. A tal fin, as actuacións específicas previstas neste Convenio —execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino do Concello de Vigo do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 31.900.000 € do plan territorial máis 2.675.400 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación ó Concello de Vigo, o instrumento de intervención é o PLAN SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO, por un importe de 2.000.000 euros.

O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor do Concello de Vigo, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor do Concello de Vigo.

En virtude do que antecede, as partes asinantes acordan subscribir o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos

Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

Segunda.- Natureza

1 A relación de cooperación entre as administracións territoriais participantes articúlase mediante convenios interadministrativos asinados entre tres Administracións Públicas que pertencen á categoría dos regulados nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Esta relación resulta á súa vez coherente cos artigos 143 e 144 da LRXSP. Tal e como reza o artigo 143, as relacións de cooperación voluntaria entre as Administracións Públicas formalizaranse de maneira expresa por ambas as partes a través dos acordos nos seus órganos de cooperación ou en convenios.

Pola súa banda, o artigo 144 da devandita Lei indica que os convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e os compromisos que asumen as partes que os subscriben.

Ademais, de acordo co disposto no artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, desenvolverase con carácter voluntario, mediante os convenios administrativos que subscriban, como o presente. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2 Esta subvención estará sometida ao Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como á normativa interna aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en España —Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, a Orde HFP/1031/2021— e, en especial o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento, a Disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de *Presupuestos Generales del Estado* para o ano 2023, a Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa ao análise sistemático do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e á Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, en relación coa execución orzamentaria e contable, xestión das actuacións e proxectos vinculados ao do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

3 Adecuación a etiquetas climáticas



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

I.- O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia ten que contribuír polo menos nun 37% á transición ecolóxica. Para calcular esa contribución, a Unión Europea definiu un sistema de etiquetaxe común para clasificar as actividades económicas medioambientalmente sostibles. Esta metodoloxía recóllese no Anexo VI do Regulamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

II.- De acordo co previsto na Decisión de Execución do Consello, as actividades recollidas no PSTD contribuirán ao cumprimento dos obxectivos relacionados co cambio climático cun coeficiente climático do 100 % e a aqueles cun coeficiente climático do 40 %, de conformidade co anexo VI do Regulamento (UE) 2021/241 sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

III.- A medida C14.I1, submedida 2, contribúe a reforzar a transición verde e sustentable. As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	037
Renovación beirarrúas y espazos peonís na humanización do Paseo Granada	037
Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación Marítima/ Monte do Castro	073

037: Medidas de adaptación ao cambio climático e prevención e xestión de riscos relacionados co clima: outros, como, por exemplo tormentas e sequías (incluídas as accións de sensibilización, a protección civil, os sistemas e infraestruturas de xestión de catástrofes e os enfoques ecosistémicos).

073: Infraestrutura de transporte urbano limpo

As seguintes actuacións, tamén do eixe 1 e 2, están identificadas con etiquetaxe climática 40% :

Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular	43
Mellora do alumado público do eixe turístico comercial	026
Outras asistencia técnicas execución obras	026
Rede de sensores para a avaliación da	026

mobilidade e o comportamento social do eixo turístico Estación marítima / Monte do Castro	
---	--

43: Xestión de residuos comerciais e industriais: medidas de prevención, minimización, separación, reutilización e reciclado.

026: Renovación da eficiencia enerxética ou medidas de eficiencia enerxética relativas a infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio

Terceira.- Custo das actuacións e gastos subvencionables

O custo das actuacións previstas no presente convenio cífrase en 2.000.000 euros, que se financiará conforme a seguinte distribución:

PSTD VIGO				
Eixes programáticos	Actuacións		Anualidade 2024	Anualidade 2025
Eixe 1. Transición verde e sustentable	1	Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada		80.000,00 €
	2	Renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do Paseo Granada		350.000,00 €
	3	Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular		15.000,00 €
	4	Mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial	200.000,00 €	
	5	Outras asistencia técnicas execución obras		30.000,00 €
	Total Eixe 1		200.000,00 €	475.000,00 €
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	6	Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe	804.000,00 €	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

		turístico Estación marítima / Monte do Castro		
		Total Eixe 2	804.000,00 €	
Eixe Transición dixital	3.	7 Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro		35.000,00 €
		8 Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	36.000,00 €	
		9 Subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles	45.000,00 €	
		10 Instalación de cartelería específica para a sinalización do eixe turístico comercial	5.000,00 €	
		Total Eixe 3	86.000,00 €	35.000,00 €
Eixe Competitividade	4.	11 Mellora do mobiliario urbano: asentos, papeleiras, etc.do eixe turístico comercial		400.000,00 €
		Total Eixe 4		400.000,00 €
TOTAL			1.090.000,00 €	910.000,00 €

Para garantir a execución dos proxectos e evitar a posible perda de recursos comunitarios asignados á Axencia de Turismo de Galicia, esta anticipará ó Concello de Vigo o importe correspondente ao financiamento deste convenio. Por unha banda anticiparase a anualidade corrente e por outra o anticipo reembolsable correspondente anualidade 2025.

As condicións do anticipo reembolsable son as descritas na cláusula sétima. O importe do anticipo transferirase ó concello no prazo máximo dun mes desde a sinatura do convenio.

A chegada da Axencia de Turismo de Galicia efectuarase do seguinte xeito:

-O anticipo da anualidade corrente con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 «Mecanismo de Recuperación e Resiliencia», por un importe de 1.090.000€ conforme ao establecido polo artigo 10 do Real Decreto-Lei 25/2020, do 3 de xullo.

O anticipo da anualidade 2025 con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.821.06, proxecto 2022 00001, por un importe de 910.000 € para a anualidade 2025.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello queda exonerado da constitución de garantía.

A entidade local autoriza á comunidade autónoma a obter de forma directa, para os efectos do presente convenio, a acreditación de que a entidade local atópase ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa seguridade social.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

As actuacións contidas no PSTD do Concello de Vigo financiaranse con fondos da Unión Europea-NextGenerationEU polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido no Regulamento (UE) 2020/241 DO Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

Entenderanse como gastos financiáveis todos aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza da actividade, destínense a alcanzar o fito 221 mediante a realización de actividades e resulten estritamente necesarios e realícense dentro do prazo establecido no presente convenio. Así mesmo considéranse custos financiáveis:

- a) As contratacións externas de enxeñería, seguimento e obra civil.
- b) Os contratos de compra de equipos, incluíndo equipamento tecnolóxico e equipos informáticos, relacionados coas actuacións financiáveis.
- c) A adquisición de licenzas de software de carácter especializado e destinado exclusivamente á actuación e que posibilita a utilización adecuada do equipamento adquirido.
- d) As contratacións externas de consultoría, que leven a cabo dentro da actuación obxecto da subvención como parte da mesma. Os estudos de viabilidade e de enxeñería de detalle serán subvencionables sempre que sexan necesarios para a realización da actuación. Poderán realizarse con anterioridade á data de elixibilidade, pero nese caso, o seu custo non será elixible.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

e) As contratacións externas para traballos de asesoramento legal, notaría, asesoramento técnico ou financeiro contabilidade ou auditoría, se están directamente ligados ao proxecto e son necesarios para a súa preparación ou desenvolvemento, a condición de que fosen contemplados no orzamento.

Segundo o artigo 31.8 de la *Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones*, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os abona efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Así mesmo, non se considerarán custos financiábeis:

- Autorizacións administrativas, licenzas, permisos, custo de avais e/ou fianzas e multas.
- Calquera gastos asociados a xestións, contratacións, consultas ou trámites administrativos, aínda sendo necesarios para a obtención de permisos ou licenzas.
- Seguros subscritos polo solicitante.
- A vixilancia e seguridade durante a execución da obra ata a data de posta en marcha.
- Calquera custos financeiros.
- Custos asociados a sancións penais, así como gastos de procedementos xudiciais.
- Licenzas destinadas a sistemas operativos e aplicacións ofimáticas.
- Calquera gasto de operación e mantemento das actuacións ou gastos propios da administración.

Os gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa.

Os gastos subvencionables comprenden, en todo caso, os efectuados en relación ao PSTD realizados pola entidade beneficiaria desde o 1 de xaneiro de 2023.

Cuarta.- Obrigas da Axencia de Turismo de Galicia

1.- A **Axencia de Turismo de Galicia** no exercicio das súas competencias e en virtude do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 21 de decembro de 2021, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2024 á entidade local beneficiaria a cantidade de 2.000.000 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 e 04.A2.761A.821.06 e segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a

Secretaría de Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executados conforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.

3.-A Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade en canto ao seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do PRTR, de acordo co disposto no artigo 46 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro. Ademais, asume as obrigacións de información e rexistro da consecución dos correspondentes fitos e obxectivos nos termos previstos no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como o resto de obrigacións establecidas na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

Quinta.- Obrigas da entidade beneficiaria

Compromisos asumidos en canto á execución do subproxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 217 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E no enlace

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dispoñible no enlace https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/.

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervenientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:

- Órgano de contratación unipersonal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adxudicación e adxudicación do contrato.
- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de control e seguimento da aplicación dos fondos destinados ao proxecto mediante a verificación de documentos e á avaliación continua e final por parte da Axencia de Turismo de Galicia, así como ao seu control financeiro pola



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Intervención Xeral da comunidade autónoma e o Tribunal de Cuentas e órganos estatais e europeos que teñan encomendado o control e seguimento dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en particular a Comisión Europea, o Tribunal de Contas Europeo, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) e a Fiscalía europea, que poderán acceder á información de detalle das actuacións realizadas.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia canda información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigación de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos, cando o importe do financiamento sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE) n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluírán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprométese a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

Sexta.- Actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, infraestruturas

1.- Nas actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos e infraestruturas, deberanse ter en conta as seguintes condicións específicas do DNSH:

- Para prevención e o control da contaminación: realizar unha avaliación de impacto ambiental (AIA) de cada un dos investimentos da medida de acordo coa Directiva da AIA e a normativa nacional de avaliación de impacto ambiental, e identificaranse e incluírán no deseño de cada proxecto todas as medidas de mitigación necesarias para a prevención e o control da contaminación do chan e da auga. Cando se instalen aparatos de auga, estes terán unha etiqueta de produto existente na Unión. Para evitar o impacto da obra, identificaranse e abordaranse os riscos de degradación ambiental relacionados coa preservación da calidade da auga e a prevención do estrés hídrico, de acordo cun plan de xestión do uso e protección da auga.

- Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción non conterán amianto nin substancias moi preocupantes identificadas sobre a base da lista de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006 do Parlamento Europeo e do Consello.

- Os compoñentes e materiais de construción utilizados na construción que poidan entrar en contacto cos usuarios emitirán menos de 0,06 mg de formaldehído por m³ de material ou compoñente e menos de 0,001 mg de compostos orgánicos volátiles canceríxenos de categorías 1A e 1B por m³ de material ou compoñente, previa proba de acordo con CEN/TS 16516 e ISO 16000-3 ou outras condicións de proba estandarizadas e métodos de determinación comparables. Ademais, adoptaranse medidas para reducir o ruído, o po e as emisións contaminantes durante a fase de obra e executaranse as actuacións asociadas a esta medida sempre cumprindo a normativa de aplicación vixente en canto a posible contaminación de chans e auga.

- Para a prevención e o control da contaminación e protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas: Cando as actuacións de rehabilitación teñan lugar en áreas sensibles á biodiversidade (incluída a rede Natura 2000 de áreas protexidas, sitios do Patrimonio Mundial da UNESCO e áreas clave para a biodiversidade, así como outras áreas protexidas) ou en áreas próximas, requirirase o cumprimento dos artigos 6 (3) e 12 da Directiva de hábitats e o artigo 5 da Directiva de aves. Ademais, cando sexa preceptivo, levará a cabo unha Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) de acordo coa Directiva AIA.»

- Para mitigación do cambio climático: Na rehabilitación de edificios terase en consideración as directrices recollidas na Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios para que sexan edificios de consumo de enerxía case nulo, permitindo reducir de forma significativa o consumo de enerxía primaria non renovable.

- Para adaptación ao cambio climático: As medidas de rehabilitación permitirán contribuír á adaptación dos edificios ao cambio climático, adoptando as solucións de adaptación que sexan posibles no marco das opcións que permita a edificación existente e a súa protección no caso de que sexan edificios protexidos, como a utilización de cubertas vexetais, toldos, zonas de sombreado, etc.

- Para transición a unha economía circular:

1. Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluído o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados, nas actuacións previstas neste investimento, será preparado para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2. Os operadores limitarán a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de substancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

3. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade no referido á norma ISO 20887 para avaliar a capacidade de desmonte ou adaptabilidade dos edificios, como estes están deseñados para ser máis eficientes no uso dos recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e a reciclaxe.

Sétima.- Condicións e amortización do anticipo reembolsable.

1. As condicións do anticipo reembolsable son as seguintes:

O tipo de xuro é do 0%, e

O prazo máximo de amortización do principal vence o 31 de decembro de 2025.

2. Non obstante o anterior, o correcto cumprimento polo beneficiario das obrigacións asociadas a axuda, incluíndo a súa adecuada execución e xustificación, que culmine na efectiva concesión da devandita axuda dará lugar á aplicación da mesma á amortización do anticipo reembolsable. Neste caso, o libramento da axuda realizarase en formalización, sen saída física de fondos, aplicándose á amortización do anticipo reembolsable.

Oitava.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; á normativa en materia de axudas de Estado, así como ao establecido na Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, e na Ordes HFP 1030/2021 e HFP 1031/2021, do 29 de setembro.

En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

No caso de que subcontrate parte ou a totalidade da actividade obxecto do convenio haberá de prever os mecanismos para asegurar que os subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente».

As entidades subcontratadas deberán comprometerse a cumprir cos estándares máis esixentes en relación ás normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, así como a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «Do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito plan, así como a non incorrer en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle conste risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado. Para estes efectos, o cumprimento nestes termos acreditarase mediante declaración da subcontrata correspondente.

A entidade local beneficiaria deberá identificar os contratistas e subcontratistas, de maneira que incluírán nos procedementos de licitación o seguintes extremos.

- a) NIF do contratista ou subcontratistas.
- b) Nome ou razón social.
- c) Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o ámbito obxecto de xestión.
- f) Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

Novena.- Comisión de seguimento

1. Para o control e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio, quedará constituída a comisión de seguimento desde a firma do presente convenio e ditará as normas internas do seu funcionamento, debéndose reunir sempre que o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos dúas veces ao ano.

2. A Comisión no seu funcionamento rexerase polo previsto no presente convenio e supletoriamente polo disposto na Sección Terceira do Capítulo II do Título Preliminar de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. A Comisión é paritaria e está integrada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Comunidade Autónoma.
- Dous representantes da entidade local.

Calquera cambio que se realice nas accións descritas, requirirá a conformidade e aprobación da Axencia de Turismo de Galicia para a súa realización.

4. As funcións asignadas á Comisión de Seguimento consistirán na vixilancia, control, seguimento e resolución de cantas cuestións se susciten ao redor da interpretación e aplicación da execución do presente convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Décima.- Prazo e forma de xustificación

1. O Concello de Vigo, finalizada a execución (en todo caso antes de 31 de decembro 2025), presentará a xustificación ante a Axencia de Turismo de Galicia como data límite o 30 de xuño de 2026, e presentará unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas e unha memoria económica, tendo en conta as singularidades establecidas no artigo 63 da Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que conterá a seguinte documentación:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b) Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. No caso de que a axuda se outorgue conforme un orzamento, indicaranse as desviacións acaecidas.
- c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago.
- d) Os tres presupostos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, deba solicitar o beneficiario.
- e) Certificado expedido polo Interventor, acreditativo da aplicación á súa finalidade dos fondos percibidos e o detalle dos pagos efectuados correspondentes ás actuacións subvencionadas obxecto da subvención.
- f) Certificado emitido polo Concello que acredite a realización da actividade e o cumprimento da finalidade, así como o informe emitido pola Intervención.
- g) Documento acreditativo sobre as medidas de difusión adoptadas para xeral coñecemento do financiamento polo Estado no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia das actuacións obxecto da subvención.
- h) Documentos de declaracións responsables, atendendo ás disposicións normativas sobre o sistema de xestión e de información establecidas na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

2. Deberá conservar toda a documentación orixinal, xustificativa e de aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.

3. Así mesmo, a entidade local deberá presentar calquera outros informes ou documentos xustificativos que de acordo coa normativa europea ou nacional resulten esixibles no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

4. A Axencia de Turismo de Galicia comprobará a documentación achegada e poderá solicitar a achega adicional doutros documentos ou datos aclaratorios que estime necesarios ou, no seu caso, se fose preciso, do correspondente procedemento de reintegro dos importes non utilizados.

5. A fin de cumprir co previsto no Fito 220 recollido na Decisión de Execución do Consello, as Comisións de Seguimento aseguraranse de que todos os destinos beneficiarios logren

como mínimo as seguintes porcentaxes de execución de cada Plan de Sustentabilidade Turística no cuarto trimestre de 2024:

- Execución do 50 % no caso dos destinos adxudicados en 2021.
- Execución do 30 % no caso dos destinos adxudicados en 2022.
- Execución do 15 % no caso dos destinos adxudicados en 2023.

Por outra banda, en virtude do disposto no Fito 221, a finalización de todos os proxectos incluídos nos PSTD e adxudicados en consonancia cos obxectivos 217, 218 e 219, o 35 % de cuxos fondos destinaranse a financiar medidas que aborden a transición verde, a sustentabilidade e a eficiencia enerxética/electromobilidade nos destinos, de conformidade coa Guía técnica sobre a aplicación de principio de DNSH, mediante o uso dunha lista de exclusións e o requisito de cumprimento da lexislación ambiental pertinente da UE e nacional, deberán estar finalizados no segundo trimestre 2026.

Producirase a devolución anticipada do anticipo reembolsable xunto cos intereses de demora, nos seguintes casos:

- Se se cancelase total ou parcialmente o proxecto por causas imputables aos beneficiarios ou aos seus contratistas/subcontratistas.
- Se se producise a resolución do presente convenio.
- Cando non se presentou da documentación xustificativa nos prazos indicados, ou esta non fose correcta.

Décimo primeira.- Publicidade e difusión

1. A entidade local beneficiaria da axuda deberá cumprir coas seguintes obrigacións en materia de publicidade:

a) As relativas ao financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, conforme coa normativa europea e nacional que resulte aplicable segundo o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 polo que se regula o MRR e, especificamente, coas do artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

b) Nas medidas de información e comunicación das actuacións que desenvolven os investimentos (carteis informativos, placas, publicacións impresas e electrónicas, material audiovisual, páxinas web, anuncios e insercións en prensa, certificados, etc.), deberán incluír os seguintes logos:

1.º O emblema da Unión Europea,

2.º Xunto co emblema da Unión, incluírase o texto «Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU»;

3.º No enlace <https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/comunicacion/> pode descargarse o manual de comunicación para xestores e persoas beneficiarias dos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

c) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá incluír que foron financiadas polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia.

d) Toda referencia en calquera medio de difusión sobre os investimentos aprobados deberá usar como medio de difusión o logo do Plan de Recuperación, dispoñible no link <http://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

2.- No seu caso, todos os carteis informativos e placas deberán colocarse nun lugar ben visible e de acceso ao público, e o texto deberá estar redactado nos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

Décimo segunda.- Incumprimento e reintegro

1. A constatación de que a entidade beneficiaria non utilizou a subvención da Axencia de Turismo de Galicia para o destino específico para o que se solicitou e concedeu, non realice a actuación que deu orixe á subvención, non xustifique a súa aplicación aos fins determinados para os que se interesou ou, en xeral, da existencia de calquera suposto de incumprimento das condicións que motivaron a concesión da subvención, a negativa para facilitar o labor de inspección e o non cumprimento das obrigacións atribuídas ás persoas beneficiarias, dará lugar previa audiencia ao interesado, á declaración de perda do dereito á percepción da subvención e, no seu caso, á obrigaçión de reintegrar á Tesoureira Xeral autonómica as cantidades percibidas, máis os intereses legais que procedan, de conformidade e nos termos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia. No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

No caso de que proceda a devolución anticipada do anticipo reembolsable estarase ao establecido na cláusula décima.

De igual modo, de conformidade co Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, que tivo lugar o día 21 de decembro de 2021, na que se aproban os criterios de repartición e distribución territorial de créditos destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, conlevará a devolución total ou parcial das cantidades percibidas:

a) Non lograr, en todo ou en parte, os obxectivos previstos: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

b) Non poder acreditar o logro dos obxectivos por falta de fiabilidade dos indicadores reportados: reintegro polo menos cando o incumprimento impida o retorno de fondos europeos ao Tesouro e no importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

c) Calquera irregularidade que afecte a medidas baixo a súa responsabilidade determinada en calquera control desenvolvido por autoridades nacionais ou comunitarias que recaia sobre aquelas e que impida o retorno de fondos ao Tesouro: reintegro do importe do retorno non percibido en relación coas medidas da responsabilidade da Comunidade Autónoma.

d) Non utilización das cantidades recibidas para as medidas para as que se transferiron: reintegro de fondos ao Estado polo importe indebidamente utilizado.

2. Así mesmo, proceden o reintegro de fondos polas súas especiais condicións en caso de incumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo», da etiquetaxe dixital ou ambiental ou das condicións recollidas na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de Recuperación e Resiliencia de España e no Compoñente 14.

3. Cando o cumprimento polas entidades beneficiarias se aproxime de modo significativo ao cumprimento total, entendo por tal a adecuada satisfacción do obxectivo perseguido coa concesión da axuda, e se acredite pola entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos por atoparse en fase final de execución as actuacións obxecto da subvención, a cantidade para reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra n) do apartado 3 do artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

4. O órgano competente para esixir o reintegro da subvención concedida será a persoa titular da Axencia de Turismo de Galicia.

Décimo terceira.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións e ausencia de dobre financiamento

A percepción destas axudas non é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, entes públicos ou privados.

Décimo cuarta.- Protección de datos

As partes asinantes están obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (EU) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (regulamento xeral de protección de datos) e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantías de dereitos dixitais.

As citadas obrigacións subsistirán aínda despois de terminado o proxecto de referencia.

No presente convenio, será responsable do tratamento a Axencia de Turismo de Galicia nos termos establecidos na normativa referenciada e coas obrigacións e condicionamentos que a mesma establece.

Décimo quinta.- Análise de riscos de conflito de intereses

Non será necesario realizar a análise de control de conflito de interese cando a destinataria sexa unha entidade executora ou instrumental. Pero a entidade local si deberá realizala nos procedementos de subvencións e/ou contratación que leve a cabo. O presente procedemento de concesión de subvencións está suxeito á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésimo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, o órgano de concesión da subvención poderá solicitar aos solicitantes da axuda a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá achegarse ao órgano de contratación no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través de MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órganos de concesión da subvención.

Décimo sexta.- Extinción e resolución

1.- O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Serán causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia estipulado.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, a outra parte poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra no prazo dun mes coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolvido o convenio.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na normativa.

3.- Serán causas de extinción do convenio, en relación co anticipo reembolsable, o incumprimento das condicións impostas ao prestatario, ben en relación coas actuacións para executar e co fin para cumprir, ben en relación coa amortización do préstamo.

Se o incumprimento fose imputable ao organismo beneficiario ou denunciase este o convenio, deberá devolver a totalidade do importe anticipado cos intereses de demora

correspondentes á vez que estivese á súa disposición, nos termos que determine a Axencia de Turismo de Galicia, sen prexuízo do tratamento que, respecto ao destino dos fondos da Unión Europea, estableza a normativa comunitaria.

4.- Con todo, se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións que nese momento estean iniciadas, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a súa continuación ata a súa completa terminación, xustificación e liquidación conforme ás cláusulas contidas no convenio, conforme ao establecido no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.- En caso de resolución do convenio por incumprimento total ou parcial das súas obrigacións por parte da entidade beneficiaria, esta deberá reintegrar á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades que percíbese como achega económica do convenio.

Décimo sétima.- Vixencia

1.- O presente convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2025.

2.- En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción, conforme ao disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Décimo oitava.- Xurisdición competente

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre as partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste, de acordo coas previsións dos artigos 11.1. c) da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

ANEXO I

Actuacións, calendario de actuación de conformidade cos fitos e obxectivos e orzamento desagregado, por anualidades.

PSTD VIGO				
Eixes programáticos	Actuacións		Anualidade 2024	Anualidade 2025
Eixe 1. Transición verde e sustentable	1	Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada		80.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

	2	Renovación beirarrúas e espazos peonís na humanización do Paseo Granada:		350.000,00 €
	3	Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circular.		15.000,00 €
	4	Mellora do alumeadado público do eixe turístico comercial	200.000,00 €	
	5	Outras asistencia técnicas execución obras		30.000,00 €
	Total Eixe 1		200.000,00 €	475.000,00 €
Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética	6	Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro	804.000,00 €	
	Total Eixe 2		804.000,00 €	
Eixe 3. Transición dixital	7	Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro		35.000,00 €
	8	Actividades de formación para o impulso de dixitalización de establecementos gastronómicos do eixe turístico Estación marítima / Monte do Castro.	36.000,00 €	
	9	Subministración, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles	45.000,00 €	
	10	Instalación de cartelería específica para a sinalización do eixe turístico comercial	5.000,00 €	

	Total eixe 3		86.000,00 €	35.000,00 €
Eixe 4. Competitividade	11	Mellora do mobiliario urbano: asentos, papeleiras, etc.do eixe turístico comercial		400.000,00 €
	Total eixe 4			400.000,00 €
TOTAL			1.090.000,00 €	910.000,00 €

ANEXO II

Modelos de declaración

- A. Ausencia de conflito de interese
- B. Cesión e tratamento de datos
- C. Compromiso de cumprimento de principios transversais
- D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo

A1. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de contratación/subvención arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dea algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte», sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

A2. Modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI)

Expediente:

Contrato/subvención.

Ao obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba referenciado, a abaixo asinante, como participante no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara:

Primeiro. Estar informada do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que *«existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal»*.

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como *«calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado deste, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación»*.

3. Que o apartado 3 da disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2023, establece que *«A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións»*.

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

- *«A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento»*.

- *«Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores»*

Segundo. Que, no momento da sinatura desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa incurso en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

centésima décima segunda, que poida afectar ao procedemento de licitación/concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

B. Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, DNI, como da
entidade, con NIF
....., e domicilio fiscal en
.....

.....beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/subcontratista no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «Recadar e asegurar, para os efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- ii. o nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
- iii. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
- iv. unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e

duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:

C. Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como titular do órgano// da entidade, con NIF, e domicilio fiscal en

.....na condición de órgano responsable/ órgano xestor/ beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR/ que participa como contratista/ente destinatario do encargo/subcontratista, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente XX «.....», manifesta o compromiso da persoa/entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., XX de de 202X

Asdo.

Cargo:

D. Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar dano significativo aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm - dnsH)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Información sobre a actuación no plan de recuperación

Identificación da actuación

Compoñente do PRTR ao que pertence a actividade

Compoñente 14. Modernización e competitividade do sector turístico

Medida (reforma ou investimento) do compoñente PRTR ao que pertence a actividade, indicando no seu caso, a submedida

Investimento 1: transformación do modelo turístico cara a sustentabilidade

Submedida 2: plans de sustentabilidade turística

Etiquetaxe climática e ambiental asignado á medida (reforma ou investimento) ou, no seu caso, á submedida do PRTR (anexo VI, regulamento 2021/241)

As seguintes actuacións deste convenio, encadradas tanto no eixe 1 como 2, están identificadas con etiquetaxe climática 100%:

Incremento da superficie arborada para a mitigación do efecto illa de calor na humanización do Paseo Granada	037
Renovación beirarrúas y espazos peonil na humanización do Paseo Granada	037
Instalación de elementos mecánicos para a mellora da accesibilidade e a transitabilidade peonil do eixo turístico Estación Marítima/ Monte do Castro	073

As seguintes actuacións perseguen un recoñecemento da súa contribución a obxectivos climáticos do 40%:

Creación de illas de reciclaxe para a mellora da separación de residuos e o seu posterior reciclado e valorización fomentando a economía circulas	43
Mellora do alumado público do eixe turístico comercial	026
Outras asistencia técnicas execución obras	026
Rede de sensores para a avaliación da mobilidade e o comportamento social do eixo turístico Estación marítima / Monte do Castro	026

Datos da persoa solicitante

Nome/razón social

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

E, na súa representación (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome

Primeiro apelido

Segundo apelido

Nif

A persoa solicitante ou representante declara:

Que presentou solicitude á actuación arriba indicada para o proxecto denominado:

E este cumpre o seguinte:

A. As actividades que se desenvolven nel non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento de un marco para facilitar os investimentos sustentables mediante a implantación de un sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sustentables:

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sustentable e protección de os recursos hídricos e mariños.
4. Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos.
5. Prevención e control da contaminación a atmosfera, a auga ou o chan.
6. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. As actividades adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida do compoñente e reflectidas no plan de recuperación, transformación e resiliencia, e para o caso de actuacións que impliquen rehabilitación, equipamentos, Infraestruturas, o establecido na cláusula sexta.

Destacando:

- 1.a redución do consumo de enerxía primaria non renovable.
2. A mellora da adaptación dos destinos turísticos e as empresas que as conforman ás estratexias de economía circular, a redución do consumo de recursos hídricos e a protección dos recursos naturais, en especial os mariños.
3. Diminuír a presión da actividade turística sobre o territorio sobre a base da sustentabilidade.

C. As actividades que se desenvolven no proxecto cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Entre outras:

- Directiva (UE) 2018/844 relativa á eficacia enerxética dos edificios
- Lei 21/2013 de avaliación de impacto ambiental

D. As actividades que se desenvolven non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia (2021/C 58/01) 2 , á proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

As actividades excluídas son:

1. Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
2. Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no Anexo III da guía técnica da Comisión Europea.
3. Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.
4. Compensación dos custos indirectos do RCDE.
5. Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclables, nin nas plantas existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
6. Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico-biolóxico existentes, cando as ditas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
7. Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E. As actividades que se desenvolven non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obrigaón de devolver as cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes.

Sinatura da persoa solicitante ou representante

Lugar e data

14(161).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN E REALIZACIÓN DO PROGRAMA “VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR”.EXPTE. 9861/336.

Visto o informe xurídico de data 06/03/2024 e o informe de fiscalización do 08/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 05/03/2024, asinado pola técnica medio de actividades Culturais e Educativas e conformado pola concelleira-delegada e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE.

-RD 1098/2001 Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

-RD Leg 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

-Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.

-RD Leg 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

-Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

-Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de marzo de 2023, adoptou o seguinte acordo: “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR”. EXPTE. 9643/336.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 25 de maio de 2023, adoptou o seguinte acordo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

“PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN E REALIZACIÓN DO PROGRAMA “VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR. EXPTE. 9643/336 a

1.- **DANIELA ALVITE WAISMAN** (44.844.142-F) os **lotes 1 e 7**.

1.1.- Lote 1 Campamento verán 1. Alcabre e praia

- O prezo total do lote é de 28.604,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.600,36 euros.

1.2.- Lote 7 Campamento verán 7. NAVIA

- O prezo total do lote é de 37.935,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.448,64 euros.

2.- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L.** (B-27.774.843) o **lote 2 “Campamento verán 2. Berbés”**

- O prezo total do lote é de 29.895,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.717,73 euros.

3.- **ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ** (34.904.364-R) os **lotes 3, 8 e 11**.

3.1.- Lote 3. Campamento verán 3. Centro cidade

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.2.- Lote 8. Campamento verán 8. Samil e praia

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.3.- Lote 11. Campamento verán 11. CEIP

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

4.- **TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U.** (B-27.753.573) o **lote 5 “Campamento verán 5. NÁUTICO 1”**

- O prezo total do lote é de 53.952,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.904,81 euros.

5.- **SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U.** (B-94.011.665) os **lotes 6, 9 e 12**

5.1.- Lote 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2

- O prezo total do lote é de 32.208,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.928,00 euros.

5.2.- Lote 9. Campamento verán 9. Vigosónico

- O prezo total do lote é de 36.322,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.302,00 euros.

5.3.- Lote 12. Campamento verán 12. Travesas

- O prezo total do lote é de 54.868,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.988,00 euros.

6.- UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) os **lotes 10 e 13**

6.1.-- Lote 10

- O prezo total do lote é de 33.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.050,00 euros.

6.2.- Lote 13

- O prezo total do lote é de 38.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.500,00 euros.

7.- KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. o lote 4 “Campamento verán 4. Pavillón de Coia”

- O prezo total do lote é de 43.236,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.930,57 euros.”

Terceiro:- O 16 de xuño de 2023 foron asinados os respectivos contratos, que en relación co prazo de duración establecen na cláusula 4ª que terán un prazo de duración de 1 ano, contado a partir do 26 de xuño de 2023, así como a posibilidade de 3 prórrogas de un ano de duración cada unha.

Cuarto.- O apartado 4.A das FEC, establece un prazo de duración do contrato de un ano, prevendo no apartado B (PRAZOS PARCIAIS) que o período de execución do contrato sexa asignado a cada un dos lotes adxudicados, axustados á duración de cada lote en función do calendario escolar e festividades no ano do contrato, e no apartado C (PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN) a posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha”

Quinto.- O importe do contrato para o período da prórroga ascende a **486.751,20€**, sendo o iva do 10% de **44.250,11€** . O importe quedará así desagregado por lotes:

LOTES	Prezo por lote SEN IVE	IVE (10%)	Total Lote CON IVE
LOTE 1	26.003,64€	2.600,36€	28.604,00 €
LOTE 2	27.177,28€	2.717,73€	29.895,01 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

LOTE 3	29.600,00€	2.960,00€	32.560,00 €
LOTE 4	39.305,71€	3.930,57€	43.236,28€
LOTE 5	49.048,10€	4.904,81€	53.952,91 €
LOTE 6	29.280,00€	2.928,00€	32.208,00€
LOTE 7	34.486,36€	3.448,64€	37.935,00€
LOTE 8	29.600,00€	2.960,00€	32.560,00 €
LOTE 9	33.020,00€	3.302,00€	36.322,00€
LOTE 10	30.500,00€	3.050,00€	33.550,00 €
LOTE 11	29.600,00€	2.960,00€	32.560,00 €
LOTE 12	49.880,00€	4.988,00€	54.868,00€
LOTE 13	35.000,00€	3.500,00€	38.500,00€
TOTAIS	442.501,09€	44.250,11€	486.751,20€

Sexto.- Os adxudicatarios achegaron por rexistro de entrada na sede electrónica escritos amosando a súa conformidade coa 1ª prorroga do contrato, que constan incorporados ao expediente:

1. o 19 de xaneiro de 2024 LORENA REBOREDO DÍAZ con DNI: 36132579Q, en nome e representación da mercantil **KOREMI REHABILITACION SL** con CIF: B36898005, (nº W1050389-5597) presta a súa conformidade a primeira prorroga do lote 4.

2. o 19 de xaneiro de 2024 Xosé Antón Fernández Rojo, con DNI 36080908A, en nome e representación da mercantil **UTE XERMOLO-CERQUIÑO 2** con CIF: U13918826 (W1050477-7066), presta a súa conformidade a primeira prórroga dos lotes 10 e 13.

3. o 19 de xaneiro de 2024, JOSE ANTONIO LOPEZ ALVARELLOS, con DNI: 76818879-Y, en nome e representación da mercantil **SUPERNOVA ASISTENCIAS SL** con CIF: B94011665, (W1050593-6455) presta a súa conformidade a primeira prórroga dos lotes 6, 9 e 12.

4. o 19 de xaneiro de 2024 **Elisa Estévez Rodríguez**, con DNI 34904364R, en nome e representación da mercantil ACADEMIA ELISA con CIF: 34904364R, (W1050625-1824) presta a súa conformidade a primeira prórroga dos lotes 3, 8 e 11.

5. o 20 de xaneiro de 2024 Rubén Martínez Novo, con DNI 36125751L en representación da entidade **Tierra y Mar Multiaventura SLU** con CIF B-27753573 (W1050679-6325) presta a súa conformidade a primeira prórroga do lote 5.

6. o 22 de xaneiro de 2024 **Daniela Alvite Waisman**, con DNI 44844142F, W1051597-6324 en representación da entidade Imaxina servizos educativos e CIF 44844142F (W1051597-6324) presta a súa conformidade a primeira prórroga dos lotes 1 e 7.

7. o 31 de xaneiro de 2024 Manuel Feijoo Rial, con DNI 76996867-C en representación da entidade **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA** y CIF B-27774843,W1056548-5003 (W1056548-5003) presta a súa conformidade a primeira prórroga do lote 2.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- Consonte o artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP), o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordarase polo órgano de Contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

O artigo 29.4 establece que os contratos de subministro e de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de cinco anos, incluíndo as posibles prórrogas.

Segundo.- Segundo o **Prego de Cláusulas Administrativas**, na **cláusula 7, apdo 3**, “Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

No apartado 4 das FEC, establécese que o prazo do contrato é dun (1) ano. Contemplase tres (3) prórrogas dun (1) ano cada unha. E, en canto aos períodos de execución, serán asignados a cada un dos lotes adxudicados, axustados os prazos á duración de cada lote en función do calendario escolar e festividades no ano do contrato.

A data de sinatura dos contratos foi o 16 de xuño de 2023, establecendo na cláusula 4ª un prazo de duración dun ano contado a partir do 26 de xuño de 2023, e a posibilidade de tres prórrogas de un ano cada unha.

Terceiro.- Ante a necesidade de prorrogar a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR (EXPTE. 9643/336), sen introducir ningunha variación nos termos contratados, polo período dun ano contado dende o 26 de xuño de 2024 e ata o 25 de xuño de 2025, toda vez que os traballos durante o primeiro ano desenvolvéronse satisfactoriamente polas adxudicatarias desenvolvendo correctamente as obrigas encomendadas e sen ningún incumprimento pola súa parte.

Cuarto.- O período da prórroga do contrato comporta un prezo anual que ascende a un total de **486.751,20€**, sendo o 10% de **44.250,11€**, con cargo á partida orzamentaria 3370.2279912. Campamentos do verán por importe de 298.000€ e de 188.751,20€ que serán con cargo ao Proxecto 24337000.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2a apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- A técnica de Xuventude que subscribe o informe , en ausencia da conformidade da Xefatura de Servizo, declara non estar incurso en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

“PRIMEIRO.- Aprobar a primeira prórroga do contrato de SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE

CONCILIACIÓN FAMILIAR. (expte 9643-336), polo período dun ano, dende o 26 de xuño de 2024 e ata o 25 de xuño de 2025 para os seguintes lotes:

1.- DANIELA ALVITE WAISMAN (44.844.142-F) os lotes 1 e 7.

1.1.- Lote 1 Campamento verán 1. Alcabre e praia

- O prezo total do lote é de 28.604,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.600,36 euros.

1.2.- Lote 7 Campamento verán 7. NAVIA

- O prezo total do lote é de 37.935,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.448,64 euros.

2.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES Y FORMATIVAS OCIO Y DEPORTE DE GALICIA, S.L. (B-27.774.843) o lote 2 “Campamento verán 2. Berbés”

- O prezo total do lote é de 29.895,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.717,73 euros.

3.- ELISA ESTEVEZ RODRIGUEZ (34.904.364-R) os lotes 3, 8 e 11.

3.1.-Lote 3. Campamento verán 3. Centro cidade

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.2.- Lote 8. Campamento verán 8. Samil e praia

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

3.3.-- Lote 11. Campamento verán 11.CEIP

- O prezo total do lote é de 32.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.960,00 euros.

4.- TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L.U. (B-27.753.573) o lote 5 “Campamento verán 5. NÁUTICO 1”

- O prezo total do lote é de 53.952,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.904,81 euros.

5.- SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (B-94.011.665) os lotes 6, 9 e 12

5.1.-- Lote 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2

- O prezo total do lote é de 32.208,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.928,00 euros.

5.2.- Lote 9. Campamento verán 9. Vigosónico

- O prezo total do lote é de 36.322,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.302,00 euros.

5.3.- Lote 12. Campamento verán 12. Travesas

- O prezo total do lote é de 54.868,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.988,00 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

6.- UTE XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (B-27.762.681 e F-27.854.900, respectivamente) os lotes 10 e 13

-
- 6.1.- Lote 10
 - O prezo total do lote é de 33.550,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.050,00 euros.
- 6.2.- Lote 13
 - O prezo total do lote é de 38.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.500,00 euros.

7.- KOREMI REHABILITACIÓN, S.L. o lote 4 “Campamento verán 4. Pavillón de Coia”

- O prezo total do lote é de 43.236,28 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.930,57 euros.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de **486.751,20€** de catrocentos oitenta e seis mil setecentos cincuenta e un con vinte euros, IVE incluído, e que corresponde a **primeira prórroga da CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR (9861-336)**, con cargo á partida orzamentaria 3370.2279912. Campamentos do verán por importe de 298.000€ e de 188.751,20€ que serán con cargo ao Proxecto 24337000.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás empresas contratistas nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación da contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos. Expte. 10161/113.

- .- Adxudicación do procedemento negociado sen publicidade para o subministro de fabricación dos galardóns institucionais "Medalla de Ouro da cidade de Vigo" e da distinción honorífica "Medalla de Honra cidade de Vigo". expte. 19832/101.
- .- Convenio marco para a colaboración coa diocese de Tui-Vigo para contribuír no mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal. Expte. 2359/150.
- .- Resolución de recursos de reposición interpostos contra a aprobación dos criterios xerais para a provisión mediante o procedemento de concurso específico dos postos de traballo correspondentes subgrupos A1 e A2 de titulación. Expte. 41702/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

15(162).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO E ADAPTACIÓN AO MARCO NORMATIVO EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 10161/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/03/2024, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 11/03/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación dos Servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos.

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/07/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/07/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 03/08/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 09/08/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 20/09/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 21/09/2023, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 21/09/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 €, dende o 15 de decembro de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2024	SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS	9207.2270603	24.793,39 €	5.206,61 €	30.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 16 de febreiro de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P. neste procedemento.

Segundo.- Excluir deste procedemento a SEGURDADES, S.L., por non ter presentado xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	91,39
2	UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P.	88,00
3	TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.	82,07
4	OBJETIVO TARSYS, S.L.	74,58

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no apartado 5C das FEC (Anexo I do PCAP) para a acreditación da solvencia técnica, ademais do establecido na cláusula 8.8.3º establécese que é necesario:*
 - Estar en posesión da certificación NIVEL MEDIO ou SUPERIOR do ENS segundo o sinalado no artigo 2.3 do ENS (Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade) e nas instrucións Técnicas de Seguridade.*
 - Asemade, lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., o día 22 de febreiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 6 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da empresa, o obxecto social, o apoderamento da representante e as contas do ano 2020.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (69.421,49 €), presentan a inscrición no ROLECE no que figuran as contas do ano 2020 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (21.000,00 €), presentan certificados de boa execución nos que o importe do ano 2022 supera esta cantidade.
- Aval por un importe cada un de 1.099,83 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de xaneiro de 2024 e 9 de febreiro de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón da exclusión, acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), de SEGURDADES, S.L., por non ter presentado xustificación da súa oferta incursa en baixa anormal, en prazo.*
2. *Adxudicar a TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 26.616,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.619,31 euros.*
 - b) *Propón unha porcentaxe de desconto do 22,56 % a aplicar aos prezos unitarios da parte variable recollidos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
 - c) *Propón a seguinte formación:*
 - *10 sesións de formación con carácter anual e de forma gratuíta para o Concello, dunha hora cada unha delas, en materia de protección de datos.*
 - *2 cursos para cargar na plataforma on line de formación do Concello cos requisitos previstos no apartado 7.B.2.b do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

16(163).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA O SUBMINISTRO DE FABRICACIÓN DOS GALARDÓNS INSTITUCIONAIS "MEDALLA DE OURO DA CIDADE DE VIGO" E DA DISTINCIÓN HONORÍFICA "MEDALLA DE HONRA CIDADE DE VIGO". Expte. 19832/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 13/03/2024, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/2024, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola técnica de Admón. Xeral (Por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos do 27/06/2023), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para o subministro de fabricación dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica "Medalla de honra Cidade de Vigo" (19832-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 9 de febreiro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o subministro dos galardóns honoríficos institucionais "Medalla de Ouro da Cidade de Vigo" e da Distinción honorífica "medalla de honra Cidade de Vigo".

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da departamento administrativo da Alcaldía e asinado con data 20 de decembro de 2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, con data 19 de xaneiro de 2024.

Cuarto.- Autorizar un gasto con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación correspondente ao exercicio 2024, polo importe máximo de base á negociación por un total de 12.061,16 € iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva 2.093,26 € e o valor estimado do contrato por importe de 19.935,80 € (1 ano máis 1 ano de prorroga sen iva).

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

Segundo.- O 15 de febreiro de 2024 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a JOYERÍA FERNÁNDEZ, S.A., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- Con data do 28 de febreiro de 2024 JOYERÍA FERNÁNDEZ, S.A., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 4 de marzo de 2024 reúnense a xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19)), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación do “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL”, comprobándose que o licitador presenta correctamente a documentación esixida na cláusula 13.7 do PCAP (Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) e o Anexo II), polo que se admitiu ao licitador.

De conformidade coa cláusula 15 e o apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP non hai materias obxecto de negociación “Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre o desenvolvemento da proceso de produción das medallas” polo que se abre o SOBRE C “CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN”

En aplicación do criterio recollido na cláusula 16.1 do PCAP (“Considerarase que a proposición é anormalmente baixa cando sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais”), constátase que a oferta presentada non contén



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

valores anormais ou desproporcionados e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 17 do PCAP, formulouse proposta de clasificación.

Polo Servizo de Contratación comprobouse que o licitador se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Concello de Vigo) e coa Seguridade Social. Esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- A concelleira delegada de Contratación (resolución da Alcaldía do 18.06.2019 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 20.06.2019), con data 4 de marzo de 2024, adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade do subministro de fabricación dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica "Medalla de honra Cidade de Vigo" (19.832-101) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador
1	JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A.

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. (A-36.659.746), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a seguinte documentación:

- A) *Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar enumeradas no artigo 71 da LCSP, conforme ao modelo que se achega.*
- B) *A documentación xustificativa das circunstancias ás que se refire a cláusula 8 do PCAP:*
 - 1. *Documentos acreditativos da personalidade xurídica (a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda).*
 - 2. *Documentos acreditativos da representación (poder outorgado a favor de quen subscribiu a proposición xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade)*
 - 3. *Documentos acreditativos da solvencia económica e financeira e técnica e profesional:*
 - *Acreditación da solvencia económica e financeira polos medios previstos na cláusula 8.4.3º e por importe igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato (19.935,80 euros)*

- *Acreditación da solvencia técnica e profesional polos medios previstos na cláusula 8.4.3º e por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato (8.442,81 euros)*
- C) *A acreditación da constitución de garantía definitiva esixida no apartado 9.C das FEC.*
- D) *Declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) para os contratistas e subcontratistas, conforme ao modelo que se achega.*
- E) *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- F) *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 25.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Sexto.- A citada resolución foi notificada a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. o día 7 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida o 11 de marzo, dentro do prazo concedido. Revisada a documentación e sendo correcta, procede formular proposta de adxudicación ao abeiro do previsto na cláusula 17 do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado, JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 4 de marzo de 2024 de apertura dos sobres A e C.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para o subministro de fabricación dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica "Medalla de honra Cidade de Vigo" (19832-101) por un prezo total de 12.061,16 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.093,26 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(164).- CONVENIO MARCO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR NO MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DEL PATRIMONIO CULTURAL TITULARIDADE ECLESIAÍSTICA SITO NO ÁMBITO MUNICIPAL. Expte. 2359/150.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 13/03/2024 e o informe de fiscalización do 13/03/2024, dáse conta do informe-proposta do 12/03/2024, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns e conformado polo concelleiro delegado e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

O artigo 86 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, 111 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contempla que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

O Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española e no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre ensinanza e asuntos culturais, de 3 de xaneiro de 1979. De feito, este último recolle a vontade da Igrexa de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, concertando co Estado as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes a fin de preservar e dar a coñecer e catalogar o patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo e de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas.

Con data 23/11/2020 o Alcalde de Vigo e o bispo da Diocese de Tui-Vigo asinaron o *"convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación del patrimonio cultural titularidade eclesiástica sito no ámbito municipal"* ao obxecto de promover unha serie de actuacións destinadas á conservación e restauración dos bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica, en prol da protección do patrimonio cultural, seguindo as directrices da Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, así como promover e coordinar a realización conxunta de diferentes actividades a fin de lograr unha máis eficiente e mellor utilización de medios económicos, técnicos e contribuír ao fomento e ao coñecemento do patrimonio cultural permitindo o uso de ditos bens para fins culturais e de lecer, sempre que fosen compatibles e respectuosos coa natureza e finalidade relixiosa destes, e sen interferir nos seus horarios de culto.

O convenio rematou o pasado 31/12/2023. Tendo en conta os resultados satisfactorios acadados por ambas partes, tanto o Concello de Vigo como a Diocese de Tui-Vigo están interesadas en formalizar un novo *convenio marco para para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal* a fin de seguir impulsando e coordinando a realización conxunta de diferentes actividades, fomentando a restauración e o coñecemento do patrimonio cultural e histórico de titularidade eclesiástica da cidade olívica. No anterior expediente do convenio marco (exp. 2322/150) figura unha memoria xustificativa e descritiva das actuacións realizadas durante o período de desenvolvemento deste, asinada polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo concelleiro de Participación Cidadá e Distritos e polo concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais con data 4 de marzo de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

En data 6/03/2024 incoouse expediente de aprobación do novo CONVENIO MARCO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo.

No expediente consta memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

O convenio marco proposto fixa uns compromisos iniciais entre os asinantes e que posteriormente darán lugar á subscrición de convenios específicos que concreten os compromisos iniciais polo que a aprobación do convenio non marco non implica gasto.

O órgano competente para aprobación do convenio marco corresponde á Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 20/06/2023, reservándose conforme ditas resolucións a sinatura do mesmo á Alcaldía, á vista da relevancia institucional do convenio marco en base ao cal se establece para un prazo de tres as bases de colaboración entre o Concello e Diocese de Tui-Vigo.

Polo exposto, previo informe xurídico, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o texto do CONVENIO MARCO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DEL PATRIMONIO CULTURAL TITULARIDADE ECLESIASTICA SITO NO ÁMBITO MUNICIPAL que se transcribe como anexo a este acordo.

SEGUNDO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO MARCO PARA A COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, DIFUSIÓN E DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL DE TITULARIDADE ECLESIASTICA SITO NO ÁMBITO MUNICIPAL

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, XXXXXXXXXXXX de dous mil vinte e catro

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a)

da Lei 5/1997, do 22 de xullo (LALGA), e 124.4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, (LRBRL).

Doutra parte, D. Luis Quinteiro Fiuza, obispo de Tui-Vigo, con DNI ***8467>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento pontificio con data 28 de xaneiro de 2010, cargo do que tomou posesión o 24 de abril do mesmo ano, non revocado nin caducado. En diante "Diocese"

E, Dna. Susana Gallardo Fariña, Secretaria do Goberno Local, aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde - Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui - Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III- Que tendo en conta os resultados satisfactorios acadados por ambas partes tras a sinatura do convenio marco anterior, asinado con data 23/11/2020 e que rematou o pasado 31/12/2023, tanto o Concello de Vigo como a Diocese de Tui-Vigo están interesadas en formalizar un novo *convenio marco para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal* a fin de seguir impulsando e coordinando a realización conxunta de diferentes actividades, fomentando a restauración e o coñecemento do patrimonio cultural e histórico de titularidade eclesiástica da cidade olívica. No anterior expediente do convenio marco (exp. 2322/150) figura unha memoria xustificativa e descritiva das actuacións realizadas durante o período de desenvolvemento deste, asinada polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais con data 4 de marzo de 2024.

IV.- Que resultando de interese para ambas partes, consideran oportuno formalizar o presente convenio co obxectivo de promover unha serie de actuacións destinadas á conservación e restauración dos bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica, en prol da protección do patrimonio cultural, seguindo as directrices da Lei 5/2016, de 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia, así como promover e coordinar a realización conxunta de diferentes actividades a fin de lograr unha máis eficiente e mellor utilización de medios económicos, técnicos e contribuír ao fomento e ó coñecemento do patrimonio cultural permitindo o uso de ditos bens para fins culturais e de lecer, sempre que sexan compatibles e respectuosos coa natureza e finalidade relixiosa dos mesmos, e sen interferir nos seus horarios de culto.

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio marco de actuación e formalízano con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.- - OBXECTO

A finalidade que se persigue co presente convenio é establecer un marco adecuado de cooperación que favoreza e axilice as accións de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui - Vigo dirixidas ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural de titularidade eclesiástica radicados no municipio.

SEGUNDO.- OBRIGAS DAS PARTES.-

Para a consecución do obxecto do presente convenio as partes asinantes comprométense coas obrigas que a continuación se indica,

Polo Concello de Vigo

a) No prazo de vixencia do presente convenio, o Concello de Vigo, en aras da protección do patrimonio cultural radicado no término municipal, comprométese a contribuír ao financiamento das actuacións destinadas ao mantemento, conservación e restauración de distintos bens, mobles e inmobles de titularidade eclesiástica no termo municipal de Vigo dentro dos límites das dispoñibilidades de crédito previstas na partida 3360 7800010 “subvencións patrimonio histórico relixioso” dos orzamentos municipais e do cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

b) A tramitación e formalización dos convenios específicos para cada unha das actuacións que a Comisión de Seguimento propoña executar.

c) Propoñer a realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural comprometéndose o Concello a realizar as labores de limpeza e acondicionamento dos espazos que para tal fin sexan necesarias en atención ao seu estado de conservación.

A Diocese de Tui - Vigo:

a) Propoñerá as actuacións que fose necesario acometer nos seus bens catalogados situados no Concello de Vigo, precisando as obras de conservación e restauración nos seus mobles e inmobles en fachadas, cubertas, atrios e aquelas intervencións en elementos arquitectónicos singulares e ornamentais, interiores ou exteriores, de especial valor histórico-artístico, que serán valoradas pola Comisión de Seguimento.

b) Ceder o uso dos espazos públicos que sexan necesarios para realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de titularidade da Diocese de Tui - Vigo promovidas polo Concello de Vigo. Ditos espazos se cederán sempre e cando non interfiran con actividades relixiosas, e só para actividades culturais e participativas respectuosas coa fe e a moral católicas.

TERCEIRO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das partes asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

1.- Estudar e valorar as propostas de actuación remitidas polas partes:

- a) A selección das actuacións obxecto do presente convenio axustarase a un criterio de prioridades no que haberán de primar as obras necesarias de conservación construtiva dos inmobles sobre o resto das intervencións en elementos ornamentais.
- b) A selección das actuacións atenderá a facilitar a utilización conxunta de medios, contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública, con pleno respecto ao cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

- 2.- Resolver as dúbidas de interpretación que poidan derivarse das cláusulas deste convenio para o bo desenvolvemento do mesmo.
- 3.- Efectuar o seguimento dos procedementos administrativos tramitados en desenvolvemento deste convenio.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións e asistirá as reunións con voz e sen voto.

CUARTO.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio de colaboración terá un prazo de vixencia de tres anos dende a data da súa sinatura.

QUINTO.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia
2. Por mutuo acordo das partes
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada cun preaviso de tres meses.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

SEXTO. - XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

18(165).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTOS CONTRA A APROBACIÓN DOS CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN MEDIANTE O PROCEDUREMTO DE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN. Expte. 41702/220.

Visto o informe xurídico de data 14/03/2024, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e formación e

conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 20 de outubro de 2023, acordou a aprobación dos criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos de titulación A1 e A2 polo sistema de concurso específico, tramitada no presente expediente electrónico nº 41.702/220.

Ditas actuacións integran a actividade municipal continuada tendente á efectiva execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022; tendo sido publicado dito acordo no BOPPO nº 218, de 13 de novembro de 2023.

2.- Contra o citado acordo constan presentados os seguintes recursos de reposición:

Data	Nº de empregado/ ou representación sindical	Nº de documento
24.11.2023 24.11.2023 12.12.2023	*0601	230365194 230365202 230404039
03/12/23	*4285	230394169
28.11.2023	Sindicato CCOO	230380653
12.12.2023	*6662	230404296
13/12/23	*3158	230404587
13/12/23	*8742	230407403
13.12.2023	*9977 *2415 *1985 *9389 *8966 *8894 *5148 *3607 *3606	230406871
13.12.2023 14.12.2023	*8252	230407005 230407460



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Data	Nº de empregado/ ou representación sindical	Nº de documento
13/12/23	*0582	230407417
19/12/23	***7819**	230413624

3.- Á vista do contido dos recursos presentados, en data 22 de decembro de 2023 a Xunta de Goberno Local acordou a suspensión, a instancia dos recorrentes, do acordo aprobatorio dos criterios xerais, convocatoria e bases reitoras citado no antecedente 1, polo tempo que medie ata a resolución dos recursos presentados.

Dito acordo de suspensión publicouse no BOPPO nº 249, de 29 de decembro de 2023.

4.- Efectuadas actuacións administrativas de estudo e análise técnica e xurídica dos recursos presentados, que constan documentadas nos trámites 278 a 281, ambos inclusive, do expediente electrónico, consistentes na emisión de informe técnico aos recursos (de data de sinatura electrónica 11/02/2024) e de borrador de traballo técnico-xurídico (de data de sinatura dixital 14/02/2024) procede, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a emisión de informe-proposta de acordo ao órgano municipal competente para a súa resolución.

5.- Consta informe favorable da Secretaría do Goberno Local de data de sinatura electrónica 14/03/2024 (trámite 294) dada a súa condición de instructora da provisión definitiva de parte dos postos de traballo obxecto do presente expediente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

CUESTIÓN PREVIA.- Con carácter previo á abordaxe da análise xurídica do presente expediente, déixase constancia expresa de que con data 15/02/2024 a persoa funcionaria pública encargada como responsable operativa do concreto proceso de provisión definitiva dos postos de traballo no Concello de Vigo (acordo da Xunta de Goberno Local de data 26/11/2020) finalizou o seu vínculo de servizo con esta Administración Pública, por superación de proceso selectivo para o ingreso no emprego público de outra entidade pública. Deste xeito, e a salvo do imprescindible reforzamento que corresponda e da reasignación interna de tarefas entre o persoal existente, procédese pola xefatura á emisión de informe respecto dos recursos presentados, dada a necesidade de dar efectivo cumprimento á plena e debida execución das sentenzas xudiciais firmes.

Non sen deixar constancia do feito de que xa en informes de datas 21/03/2011 (emitido por quen suscribe ao expediente administrativo nº 21.900/220, e cuxo contido foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/03/2011) e 05/05/2017 (emitido tamén por quen suscribe ao expediente electrónico nº 27.913/220) foi posta de manifesto, por primeira vez e que se teña constancia, a necesidade de efectuar a provisión definitiva dos postos de

traballo do Concello de Vigo, e singularmente daqueles encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación.

Sen que se teñan localizado nos arquivos da área antecedentes documentais datados con anterioridade ao ano 2006, nos cales se sinalase a necesidade de cumprimento de ditas obrigas normativas.

Exposta dita cuestión previa, procédese á emisión de informe sobre os recursos presentados.

I.- SOBRE OS RECURSOS POTESTATIVOS DE REPOSICIÓN: LEXITIMACIÓN PARA A INTERPOSICIÓN E ADMISIBILIDADE

O recurso potestativo de reposición regúlase nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP) determinando o primeiro dos preceptos citados que *“los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto”*; e contemplando o segundo precepto invocado que *“el plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión. Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso”*.

Respecto da lexitimación para a interposición do recurso de reposición, o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo senso, o artigo 112 da citada LPACAP determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderanse interpoñer polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse aos recorrentes a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dado que son posibles interesados ao poder concorrer aos procesos de provisión que se articulen en execución do acto administrativo obxecto de impugnación, ou titulares de dereitos e intereses lexítimos, persoais e directos afectados polo referido acto; ou en representación dos intereses das persoas empregadas públicas, no caso dos sindicatos.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 LPACAP xa citado) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, constando presentados en tempo e forma os recursos relacionados nos antecedentes, agás o interposto en data 19/12/2023 (documento



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

nº 230413624) de forma extemporánea; sendo a data de publicación do o acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación de criterios xerais, convocatoria e obxecto de impugnación a do 13/11/2023 (BOPPO nº 218). Deste xeito, cómpre sinala que a totalidade dos recursos interpostos teñen sido presentados en prazo, agás o referenciado en liñas anteriores.

De conformidade co artigo 57 da LPACAP *“el órgano administrativo que inicie o tramite un procedimiento, cualquiera que haya sido la forma de su iniciación, podrá disponer, de oficio o a instancia de parte, su acumulación a otros con los que guarde identidad sustancial o íntima conexión, siempre que sea el mismo órgano quien deba tramitar y resolver el procedimiento. Contra el acuerdo de acumulación no procederá recurso alguno”*; aconsellando a eficiente tramitación dos expedientes administrativos a acumulación dos recursos presentados e a correspondente análise e resolución conxunta.

II.- SOBRE OS RECURSOS PRESENTADOS. NECESIDADE DE ESTIMACIÓN EN GARANTÍA DA EFICIENCIA E SEGURIDADE XURÍDICA NAS ACTUACIÓNS DE EXECUCIÓN DE SENTENZA

Relacionados no antecedente 2, os recursos presentados teñen sido analizados técnicamente en informe de data 11/02/2024 (trámite 280 do expediente) e en borrador técnico-xurídico de data 14/02/2024 (trámite 281 do expediente).

Unha das cuestións de maior relevancia en canto ao fondo do asunto é a que se documenta ao longo do segundo dos documentos anteriormente citados, e que non é outra que a existencia e concorrencia dun notorio erro de transcripción ao longo da totalidade do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 20 de outubro de 2023, aprobatorio dos criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos de titulación A1 e A2 polo sistema de concurso específico.

Tal erro, froito da intensidade do traballo técnico previo á emisión dos informes necesarios para a adopción das decisións polos órganos municipais competentes, así como da elaboración e manexo de sucesivos borradores de traballo técnico, mostra ser de tal entidade que non só se procedeu á suspensión do procedemento en vía administrativa -a efectos de verificar o alcance do mesmo e en aplicación dun esencial principio de cautela, especialmente no relativo aos dereitos individuais das persoas interesadas no procedemento de provisión- senón que, sempre a xuízo da funcionaria informante, e en atención á eficiencia das actuacións administrativas tendentes á provisión definitiva dos postos de traballo do Concello de Vigo con pleno axuste ao marco normativo rector que resulta de aplicación, enténdese necesario estimar parcialmente os recursos e deixar sen efecto a totalidade do acordo adoptado.

A motivación das actuacións que se estiman procedentes radica simple e sinxelamente na necesidade de observancia dos principios constitucionais de legalidade e de seguridade xurídica contidos no artigo 9.3 da vixente Constitución de 1978, xunto cos principios de obxectividade, eficacia e eficiencia, e pleno sometemento á Lei e ao Dereito da actuación administrativa, contemplados no artigo 103.1 da mesma Norma Suprema. Debendo considerar que a concorrencia dun erro humano é unha posibilidade real no desempeño profesional diario -sen que elo deba ser criminalizado- e de que o feito do elevado nivel de

litixiosidade que fronte á actividade administrativa da Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo -que concorre de xeito sistemático, constante e persistente, e por diferentes vías simultáneas e sostidas no tempo- ten como unha das consecuencias máis relevantes a posibilidade de erro humano con maior frecuencia que noutros ámbitos funcionais de menor complexidade e intensidade profesional.

A lóxica xurídica leva a considerar a posibilidade de apreciación equivocada dos feitos na emisión dos informes nos cales se sustenta o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro do 2023; así, e a título ilustrativo e non exhaustivo, cítase o erro exposto na páxina 12, entre outras, do borrador técnico-xurídico sobre os recursos asinado o 14/02/2024 pola técnica informante, no senso da necesidade de permitir a posibilidade de concorrencia do persoal laboral a aqueles postos de traballo que así se atopan determinados na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, que por erro non se atopaba prevista no documento sometido a aprobación; ou concretos erros de transcripción detectados no subgrupo de encadramento dos postos de traballo obxecto da convocatoria nos criterios xerais, que non se axustan ao subgrupo de encadramento dos mesmos contemplado na vixente Relación de Postos de Traballo aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Dado que tales circunstancias relativas á posible apreciación equivocada de feitos teñen sido postas de manifesto polos propios recorrentes nos recursos presentados, que instaban complementariamente a suspensión, e dende as perspectivas da equidade e da boa fe, enténdese necesario estimar parcialmente os recursos presentados, deixando sen efecto a totalidade do acordo adoptado.

III.- SOBRE A NECESIDADE DE IMPLEMENTACIÓN CONTINUA DAS ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS EN DESENVOLVEMENTO PARA A EFECTIVA EXECUCIÓN DE SENTENZA. A NECESIDADE DE APROBACIÓN DOS CRITERIOS XERAIS.

Analizada primeiramente a procedencia de estimación parcial dos recursos, en atención á análise xurídica contida no documento de análise técnico-xurídica asinado electrónicamente o 14/02/2024, cómpre abordar a inaprazable necesidade de non interromper o proceso de provisión da totalidade dos postos de traballo do Concello de Vigo actualmente en curso.

A este respecto, enténdese procedente elevar ao órgano municipal proposta de aprobación dos criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, debendo indicar que os mesmos teñen sido xurídicamente informados como consta ao longo do expediente, e sido sometidos á preceptiva negociación colectiva coa representación sindical do persoal en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023, co seguinte resultado da votación: dous votos a favor (UXT e CIG), un voto en contra (CCOO) e unha abstención (SICO) nos termos do contido de certificación dos acordos da sesión de negociación de data 08/05/2023 obrante no documento nº 230159362 (trámite 58 do expediente).

Deste xeito, e considerando o indicado no parágrafo anterior, procédese á revisión dos erros -detectados a instancia dos recursos presentados- nos criterios xerais na súa versión definitiva tras a negociación colectiva mencionada; erros que se concretan na substitución das referencias relativas a “funcionario público” por “persoal empregado público” ou “empregado público”; e na incorporación da pertenza ao subgrupo A2 amáis da pertenza ao subgrupo A1 como requisito de concorrencia, con incidencia na provisión dos denominados postos barra-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

dos e en axuste estrito ás previsións contempladas na vixente Relación de Postos de Traballo; quedando a redacción como de seguido se recolle:

“ANEXO I

CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN.

Como resultado do proceso de negociación desenvolto cos sindicatos, así como dos antecedentes e informes que constan no expediente, así como ao Plan de Igualdade do Concello de Vigo, os criterios xerais para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación que se propoñen son os seguintes:

Obxecto. - *Constitúe o obxecto da proposta os criterios xerais que rexerán a convocadora e bases para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva mediante o procedemento de concurso específico:*

Baremo para puntuación dos méritos. *Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:*

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

1.1.- PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. *A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.*

A).- Méritos xerais.- *A valoración máxima dos méritos xerais será de 20 puntos.*

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asisten-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

cia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións públicaa. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concurse e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- Máster oficial universitario: 0,30 puntos.*
- Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.*
- Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.*

- *Doutoramento: 0,70 punto*
- *Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.*

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- *Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.*
- *Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.*

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. *A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.*

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera admi-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

nistración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

1.2. -SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- *Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento*
- 2.- *Plan de organización do traballo*
- 3.- *Proxecto de mellora funcional*
- 4.- *Conclusións*

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) *A estrutura formal e a claridade.*
- b) *O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.*
- c) *A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.*
- d) *Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación*
- e) *Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais*
- f) *Capacidade de resolución de conflitos*

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Cráterios de desempate. - *En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica*

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido
- b) Polo grao persoal consolidado
- c) Cursos de formación e perfeccionamento
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa
- e) Sexo infrarrepresentado
- f) Sorteio

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso da Comisión de valoración no cumprimento deste principio."

IV.- SOBRE A NECESIDADE DE ELABORACIÓN DE NOVAS BASES ESPECÍFICAS E A DELIMITACIÓN DO ÁMBITO ASIGNADO A CADA FUNCIONARIO PÚBLICO RESPONSABLE DA INSTRUCCIÓN DOS CONCRETOS PROCESOS DE PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Un dos aspectos que se poñen de manifesto nos diferentes recursos presentados é aquel que cuestiona a instrucción do procedemento administrativo tendente á aprobación do acordo obxecto de suspensión primeiro, e de posterior declaración de ineficacia, no relativo á intervención da funcionaria suscribinte.

A tal efecto, e polo que poda incidir nas actuacións tendentes á debida execución da sentenza, cómpre clarexar o erro no cal parecen estar incurso os recorrentes que alegan tal motivo, toda vez que xa en dilixencia de data de sinatura electrónica 08/06/2021 a funcionaria suscribinte comunicou a súa abstención no expediente electrónico nº 37.435/220, incoado para a aprobación da relación de postos de traballo que incorporase a adaptación da forma de provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2; expediente que deu lugar, no seu día, á aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2022 (expediente nº 1690/110, instruído por persoa distinta a quen suscribe, previa designación por resolución administrativa de 23/07/2021).

Complementariamente, e en garantía do pleno axuste a Dereito das actuacións de execución de sentenza, sinálase que por resolución administrativa de 10/11/2022 asígnase a persoa funcionaria de carreira **distinta** á suscribinte "a instrucción da provisión definitiva dos postos de traballo pertencentes ao Subgrupo A1 de titulación, Escala Administración General; postos de traballo pertencentes ao Subgrupo A1 de titulación Escala Administración General/Administración Especial; postos de traballo barrados, Subgrupo A1/A2 Escala Administración General e postos de traballo barrados, Subgrupo A1/A2 Escala Administración General/ Administración Especial".

Déixase constancia da obviedade que supón que a funcionaria suscribinte non participará, no exercicio de funcións de carácter público, e sempre consonte ás abstencións comunicadas debidamente en tempo e forma ao abeiro do disposto no artigo 23 da Lei

40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, nos concretos expedientes administrativos nos que se tramiten os tamén concretos procesos de provisión de cada un dos postos obxecto de convocatoria definitiva. Tal actuación carecería da necesaria coherencia, e sería contradictoria coas actuacións desenvoltas nos informes emitidos dende o ano 2006 ata a actualidade expresivos da necesidade de articulación e conclusión dos procesos de provisión definitiva dos postos de traballo existentes no Concello de Vigo, así como co propio contido dos artigos 52 a 54 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 1 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP) e normativa de concordante e procedente aplicación.

Como queira que dos recursos presentados parece desprenderse una infundada preocupación dos recorrentes, e aos efectos de que tal cuestión, que non é menor, sexa debidamente comprendida polos mesmos, estando a actuación municipal de execución de sentenza presidida polo pleno cumprimento normativo, pola transparencia, pola equidade e, sobre todo, pola boa fe contemplada no artigo 7 do Código Civil como esencial principio xeral do Dereito, por parte de quen suscribe estímase procedente, en atención aos recursos presentados, propoñer ao órgano municipal competente que especificamente se proceda a instar ás persoas designadas como instructoras dos procesos de provisión definitiva de postos de traballo en execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022, á elaboración de bases rectoras dos procesos de provisión dos postos de traballo que respectivamente teñan asignados, procedendo á subseguinte tramitación en cada unidade xestora (Área de Recursos Humanos e Formación, por unha banda, e Secretaría do Goberno Local, por outra) das correspondentes convocatorias e da resolución das mesmas polos órganos municipais competentes.

Certo é que, a pesar da súa irrelevancia, cómpre deixar constancia da carga persoal detectada ao longo de moitos dos recursos presentados, que se ben en modo algún compromete a profesionalidade nin a obxectividade da funcionaria suscribinte, debe ser coñecida polo órgano xurisdiccional encargado da execución da sentenza, en proba da penosidade inherente ao exercicio das responsabilidades profesionais polos funcionarios públicos asignados aos ámbitos materiais de recursos humanos nas entidades locais, considerando a tipoloxía de destinatarios da actividade administrativa que dende aquelas se desenvolve. Deixando tamén constancia de que tal carga persoal se percibe por quen suscribe como froito posible de inquedanzas persoais, da sempre complexa xestión da incertidume e da propia autoxestión emocional das persoas asinantes, no marco da concorrencia a procesos de provisión definitiva de postos de traballo -que non de ingreso no emprego público-; sen que sexa unha sorpresa para ningún dos recorrentes, a estas alturas, o feito de que os procesos de provisión definitiva deben ser inexcusablemente abordados pola Administración Municipal, non amparando a ignorancia das Leis o seu incumprimento (artigo 6.1 do vixente Código Civil)

V.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O art. 4.1., apartados a) e c) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) xa citada recoñécelle aos municipios, entre outras, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación, respectivamente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da mesma norma básica.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023) sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

Primeiro.- *Acumular, de conformidade co establecido no artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os recursos de reposición interpostos contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2023 (BOPPO, nº 218 do 13 de novembro do 2023) polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo A1 e A2 do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 41.702/220); recursos que se relacionan no antecedente 2 do informe-proposta que antecede.*

Segundo.- *Estimar parcialmente os recursos de reposición interpostos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/2023, polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión definitiva mediante concurso específico dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 do Concello de Vigo (expediente electrónico nº 41.702/220) e citados no apartado primeiro do presente acordo, e en consecuencia deixar sen efecto a totalidade do acordo citado no presente apartado, en atención á motivación contida no informe-proposta que antecede.*

Terceiro.- *Inadmitir, en base á motivación legal exposta no informe-proposta que antecede, o recurso presentado por D. Pena González, D. en calidade de secretario da sección sindical do Sindicato Independiente do Concello de Vigo, ao ter sido presentado en forma extemporánea en data 19/12/2023 (documento nº 230413624)*

Cuarto.- *Aprobar os criterios xerais para a provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 de titulación existentes no Concello de Vigo, resultantes da negociación colectiva coa representación sindical do persoal desenvolta en sesións negociais celebradas en datas 10/03/2023 e 08/05/2023 e da rectificación dos erros detectados como consecuencia da estimación parcial dos recursos interpostos; criterios que se contemplan no **ANEXO I** do presente acordo, formando parte inseparable do mesmo.*

Quinto.- *Instar ás persoas funcionarias de carreira designadas como instructoras dos procesos de provisión definitiva dos postos de traballo encadrados nos subgrupos de titulación A1 e A2 do Concello de Vigo (resolución administrativa de 10/11/2022 e concordantes) á emisión de informe-proposta contendo convocatoria e bases específicas rectoras das convocatorias de provisión definitiva dos postos de traballo que a cada unha delas corresponda instruír, en continuación das actuacións de execución da Sentenza nº 62/2021, de 25/03/21, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº2 de Vigo, dictada no procedemento abreviado nº 180/2022; instando a efectiva tramitación dos respectivos expedientes de convocatoria dos postos, dos expedientes administrativos que ao efecto correspondan nas respectivas unidades administrativas xestoras de pertenza, consonte á calendarización procedente.*

Sexto.- Notificar o presente acordo aos recorrentes, ás persoas designadas como instructoras dos procedementos de provisión definitiva dos postos de traballo referenciados nos apartados anteriores, á Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade para coñecemento, e servizo xurídicos para comunicación ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo) e á Intervención Xeral Municipal para coñecemento, ordenando a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e diarios oficiais que correspondan, aos efectos da preceptiva publicidade.

Sétimo.- Informar que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ANEXO I

“CRITERIOS XERAIS PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA MEDIANTE CONCURSO ESPECÍFICO DOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AOS SUBGRUPOS A1 E A2 DE TITULACIÓN.

Como resultado do proceso de negociación desenvolto cos sindicatos, así como dos antecedentes e informes que constan no expediente, así como ao Plan de Igualdade do Concello de Vigo, os criterios xerais para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo correspondentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación que se propoñen son os seguintes:

Obxecto.- Constitúe o obxecto da proposta os criterios xerais que rexerán a convocadora e bases para a provisión dos postos de traballo encadrados nos subgrupos A1 e A2 en situación de cobertura provisional ou vacante, susceptibles de ser convocados para a súa provisión definitiva mediante o procedemento de concurso específico:

Baremo para puntuación dos méritos. Os méritos que comprenden o baremo resultan en consecuencia da normativa e do acordo de aplicación integrándose polos seguintes méritos avaliáveis:

Este concurso específico consta de dúas fases: Na primeira fase valoraranse os méritos xerais e específicos adecuados ás características do posto convocado e na segunda fase a Memoria. Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de instancias.

1.1.- PRIMEIRA FASE: Méritos xerais e específicos. A puntuación máxima da primeira fase, méritos xerais e específicos será de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 20 puntos para acceder á segunda fase.

A).- Méritos xerais.- A valoración máxima dos **méritos xerais** será de 20 puntos.

1.1.1- Grao persoal consolidado (ata un máximo de 4 puntos)

O grao persoal consolidado como persoal empregado público do Corpo/Escala desde o que se participa valorarase en relación co nivel do posto ao que se convoca ata un máximo de 4 puntos do seguinte xeito:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Pola posesión dun grao persoal superior ao do posto solicitado, 4 puntos.

Pola posesión dun grao persoal igual ao do posto solicitado, 3 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior nun grao ao do posto solicitado, 2 puntos.

Pola posesión dun grao persoal inferior en dous graos ao do posto solicitado, 1 punto.

1.1.2 – Antigüidade (ata un máximo de 2 puntos)

Valorarase a razón de 0,025 puntos por cada mes completo de servizo, ata un máximo de 2 puntos, computándose para estes efectos os recoñecidos que se prestaron con anterioridade á adquisición da condición de persoal empregado público ao amparo do disposto na Lei 70/1978, do 26 de decembro.

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados

1.1.3. Exercicio de dereitos de conciliación por parte do solicitante (ata un máximo de 1 puntos).

- Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,25 puntos por permiso, ata un máximo de 0,5 puntos.

- Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo: 0,15 puntos por permiso, ata un máximo de 0,3 puntos.

- Redución de xornada do artigo 106.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: 0,005 puntos por mes de redución, ata un máximo de 0,10 puntos.

- Excedencia por coidado de familiares: 0,005 puntos por cada mes completo de excedencia, ata un máximo de 0,10 puntos.

1.1.4.- Valoración do traballo desenvolvido (ata un máximo de 3 puntos)

Polo desempeño de postos de traballo anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes

- Polo desempeño de postos de traballo de nivel de complemento de destino igual ou superior ao do posto ao que se concursa: 0,05 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior nun ou dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,033 puntos por mes traballado.

- Polo desempeño dun posto de traballo de nivel de complemento de destino inferior en máis de dous niveis ao do posto ao que se concursa: 0,016 puntos por mes traballado.

A experiencia profesional recollida no apartado 1.2.1 que exceda do límite máximo establecido no devandito apartado valorarase neste apartado de valoración de traballo desenvolvido (1.1.4) tendo en conta a distinción da puntuación por niveis de complemento de destino establecida nos subapartados anteriores.

A prestación efectiva de servizos valorada neste apartado non poder ser obxecto de puntuación no apartado de experiencia profesional dos méritos específicos (1.1.8)

1.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento.- (ata un máximo de 5 puntos)

1.1.5.1 Asistencia a cursos de formación e perfeccionamento relacionados con carácter xeral co posto de traballo que se convoca e nos que se expida diploma, certificado de asistencia, ou certificación de aproveitamento, puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.*
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.*

Valoraranse unicamente aquelas accións formativas recibidas, sempre que fosen organizadas por centros ou entidades acollidos ao Plan de Formación Continua das Administracións Públicas, centros oficiais de formación, as organizacións sindicais, o Concello de Vigo e os seus organismos autónomos ou polo resto de administracións públicaa. Igualmente deberán valorarse polo seu carácter transversal os cursos en materia de linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 5 horas, nin as xornadas, simposios, congresos ou similares. Nos cursos de informática, valoraranse aqueles cuxos diplomas estean expedidos con posterioridade ao ano 2000. Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

Polo seu carácter obrigatorio non serán obxecto de baremación os cursos básicos de carácter obrigatorio impartidos inicialmente en materia de prevención de Riscos Laborais.

1.1.5.2.- Impartición de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa área de experiencia de cada posto de traballo que se convoca, no ámbito da Administración Pública e directamente relacionados co posto de traballo que se convoca, puntuarase por 0,05 puntos por cada hora do curso.

Non se puntuarán os cursos que se refiran a materias diferentes ás funcións do posto de traballo que se convoca.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A puntuación máxima a acadar coa suma dos apartados 1.1.5.1, 1.1.5.2 será dun máximo de 5 puntos.

1.1.6. - Titulacións académicas (ata un máximo de 3 puntos)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Valorarase a titulación académica universitaria oficial sempre que sexa distinta á utilizada para o ingreso no corpo/escala desde o que se concursa e sexa de igual ou superior nivel académico. As titulacións valoraranse de forma acumulativa.

- *Máster oficial universitario: 0,30 puntos.*
- *Diplomado/a universitario/a ou equivalente: 0,40 puntos.*
- *Graduado/a universitario ou equivalente: 0,50 puntos.*
- *Doutoramento: 0,70 punto*
- *Licenciado/a universitario/a ou equivalente: 0,80 puntos.*

1.1.7.-Nivel de coñecemento da lingua galega (ata un máximo de 2 puntos)

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- *Linguaxe administrativa medio ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 puntos.*
- *Linguaxe administrativa superior ou equivalente segundo coa Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 2,00 puntos.*

Só se valorará o título de maior nivel.

Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística.

A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2,00 puntos.

B).- Méritos específicos. *A valoración máxima dos **méritos específicos** será de 20 puntos.*

A valoración máxima dos méritos específicos será de 20 puntos. Valoraranse os seguintes méritos específicos:

1.1.8. EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata un máximo de 8 puntos)

Valorarase a experiencia profesional adquirida polo desempeño efectivos de servizos segundo as seguintes especificacións:

1- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 27 a 30 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,075 puntos por cada mes completo.

2- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino 24 a 26 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,050 puntos por cada mes completo.

3- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 de xefatura de nivel de complemento de destino inferior ao 24 en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,025 puntos por cada mes completo.

4- Prestación efectiva de servizos, en adscrición definitiva ou provisional en postos de traballo do subgrupo A1/A2 sen desempeñar xefatura e sen distinción de niveis en calquera administración pública, no ámbito de competencias do servizo ao que se convoca: 0,020 puntos por cada mes completo.

A experiencia profesional adquirida mediante prestación efectiva de servizos en comisión de servizos valorarase en todo caso coa limitación da duración máxima legalmente prevista.

A experiencia profesional no servizo que se convoca que exceda do límite máximo deste apartado valorarase no apartado 1.1.4.

1.1.9.- FORMACIÓN ESPECÍFICA (ata máximo 12 puntos)

Cursos de formación e perfeccionamento en materias específicas propias do Servizo que se convoca.

A acreditación destes méritos realizarase mediante diploma ou certificación de aproveitamento ou asistencia, e puntuarase segundo a súa duración da seguinte forma:

- Cursos con certificado de aproveitamento: 0,05 puntos por hora.
- Cursos con certificado de asistencia: 0,03 puntos por hora.

Todos os cursos deberán ser impartidos ou homologados por organismos públicos oficiais.

A acreditación dos méritos para valorar nesta base realizarase mediante diploma ou certificado emitido polo organismo oficial ou homologado polas Administracións Públicas ou centros oficiais de formación que organicen o curso, onde se indique o número de horas, con indicación no seu caso do aproveitamento.

Non se valorarán os cursos que non acrediten o número de horas de duración, así como os de duración inferior a 20 horas.

Cando se acrediten varios cursos con idéntica denominación puntuarase o de maior número de horas de duración, en caso de que a duración sexa a mesma, valorarase o curso que se realizase ou impartise na data máis próxima a data na que remate o prazo de presentación de instancias.

1.2. -SEGUNDA FASE: MEMORIA (ata un máximo de 10 puntos)

Elaboración e defensa dunha memoria que terá como obxecto unha análise das tarefas e funcións do posto de traballo, así como dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo da persoa candidata, tendo como base a descrición que consta na ficha descritiva do posto de traballo adxunto as bases.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

A memoria evidenciará o coñecemento do contido funcional do posto, sus características, condicións, medios necesarios e propostas organizativas e desenvolverá os seguintes apartados

- 1.- Análise das tarefas do posto, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento*
- 2.- Plan de organización do traballo*
- 3.- Proxecto de mellora funcional*
- 4.- Conclusións*

A memoria terá unha extensión máxima de 50 páxinas e elaborarse dando cumprimento ás seguintes características técnicas: interliñado 1,5, letra "arial", 12 puntos, paxinación ao final de cada páxina e impresión a dúas caras.

As persoas candidatas deberán proceder á defensa e exposición da memoria ante a comisión de valoración, durante un tempo de 30 minutos.

Os aspirantes serán convocados para a exposición e defensa pública pola Comisión de Valoración correspondente cunha antelación de, como mínimo, 3 días hábiles.

Os aspirantes con algunha discapacidade poderán pedir na solicitude de participación as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización da exposición

No acto de defensa da memoria poderán facer uso dun guión previo que poderán levar elaborado á sesión (máximo 1 DIN-A4 polas dúas caras).

Tras a oportuna defensa da memoria, a comisión de valoración poderá efectuar as preguntas que considere conveniente acerca do seu contido, así como de calquera dos aspectos desenvolvidos durante a exposición. A comisión, valorará a través da memoria e da súa correspondente exposición e defensa oral os seguintes aspectos:

- a) A estrutura formal e a claridade.*
- b) O contido e a capacidade de análise das tarefas do posto de traballo e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño.*
- c) A capacidade de planificación, innovación, determinación de prioridades e toma de decisións.*
- d) Liderazgo de equipos: capacidade de xestión e motivación*
- e) Capacidade de impulsar a implantación e revisión de estratexias e iniciativas de melloras competencias dixitais*
- f) Capacidade de resolución de conflitos*

A avaliación da memoria efectuarase mediante a puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da comisión avaliadora desbotando para estes efectos a máxima e a mínima concedidas. As puntuacións outorgadas, así como a avaliación final, deberán reflectirse na acta que se redactará para o efecto.

Unha vez outorgada a puntuación da memoria, a comisión levantará a acta correspondente que será publicada no prazo máximo dos cinco días seguintes a data da exposición, e na que deberán figurar os criterios de valoración aplicados pola comisión.

Establecerase unha puntuación mínima total de 25 puntos para a adxudicación do posto de traballo.

Criterios de desempate.- *En caso de empate na puntuación, dirimirase conforme á puntuación obtida, no seu caso, na segunda fase, e se persistise ou en defecto de segunda fase pola obtida nos seguintes apartados na orde que se indica*

- a) Pola valoración do traballo desenvolvido*
- b) Polo grao persoal consolidado*
- c) Cursos de formación e perfeccionamento*
- d) Data de ingreso como funcionario de carreira, no Corpo, Escala ou Categoría dende a que concursa*
- e) Sexo infrarrepresentado*
- f) Sorteio*

As bases deberán recoller o compromiso do Concello de Vigo coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres así como o compromiso da Comisión de valoración no cumprimento deste principio."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(166).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1645/1102

Abel Caballero Álvarez